FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

Av. Ramón Ferreiro s/n . 27002 Lugo
Tfno. 982821005
formacionprofesorado.decanato@usc.gal

# ACTA Nº 60 DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

**LUGAR:** Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase a distancia, sesión virtual a través da plataforma institucional Ms Teams, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e co "Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunión de órganos colexiados da USC" publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/04/2020.

**DATA:** 15 de xullo de 2025
**HORA DE COMEZO:** 10:00 h.
**HORA DE REMATE:** 11:25 h.

**ASISTENTES:**
Aznar Cuadrado, Virginia (PDI)
Brao Viña, Ana Mª (Responsable da Xestión do Centro)
Campos Magdaleno, María (PDI)
Dosil Díaz, Carlos (PDI)
García Pedreira, Rocío (PDI)
Gómez Gómez, Carmen (PDI)
López Castro, Leticia (PDI)
López Rúa, Paula (PDI)
Romero Castro, María José (PDI)
Souto Seijo, Alba María (PDI)

**ESCUSAN ASISTENCIA:**
Santamaría Queiruga, Olaya (PDI)
Sarceda Gorgoso, María Carmen (PDI)

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: D9F3-87B9-42D2-8523

FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

Av. Ramón Ferreiro s/n . 27002 Lugo
Tfno. 982821005
formacionprofesorado.decanato@usc.gal

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación, se procede, das actas da sesións anteriores (achéganse actas)
2. Informe das Coordinacións de Título do Grao en Mestre/a de Educación Infantil, Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Educación Primaria, sobre a marcha do curso 2024-2025. Análise, reflexión e acordos a tomar.
3. Informe da Coordinación de Título do Mestrado en Profesorado de Secundaria. sobre a marcha do curso 2024-2025. Análise, reflexión e acordos a tomar.
4. Informe da Coordinación de Título do Mestrado DAEN sobre a marcha do curso 2024-2025. Análise, reflexión e acordos a tomar.
5. Informe de execución do Plan FORTE do curso 2024-2025. Análise e reflexión sobre a eficacia do Plan, e acordos a tomar (achégase informe).
6. Informe sobre a Memoria de Calidade do curso 23-24.
7. Informe sobre o itinerario formativo do PDI da FFP (curso sobre Turnitin). Acordos a tomar para o curso 25-26.
8. Preparación do inicio do curso 25-26: xornada de benvida para o alumnado de Graos e Mestrados e sesión informativa sobre mobilidade.
9. Comisión de convivencia. Acordos a tomar.
10. Bolsas SICUE. Acordos a tomar.
11. Acordos a tomar sobre a presentación do Documento Marco de funcións das Coordinacións (3ª edición) á vindeira convocatoria de boas prácticas de calidade.
12. Toma de decisións sobre a creación dunha páxina de facebook/ instagram da FFP.
13. Rolda aberta de intervención.

A presidenta da comisión, a profesora Carmen Sarceda, non pode asistir a esta reunión e actúa como presidenta accidental á profesora Paula López Rúa, vicedecana da Facultade de Formación do Profesorado (FFP) e responsable de calidade do centro.

**1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores**.

A vicedecana, Paula López, dá a palabra á secretaria do Centro, Virginia Aznar, quen indica que non houbo alegacións á acta da sesión ordinaria do 25 de abril de 2025 (acta nº 58) nin á acta da sesión extraordinaria do 29 de maio de 2025 (acta nº 59). Sométense a aprobación estas actas e apróbanse por asentimento.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

**FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO**

Av. Ramón Ferreiro s/n . 27002 Lugo
Tfno. 982821005
formacionprofesorado.decanato@usc.gal

**2. Informe das Coordinacións de Título do Grao en Mestre/a de Educación Infantil, Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Educación Primaria, sobre a marcha do curso 2024-2025. Análise, reflexión e acordos a tomar.**

A vicedecana, Paula López, dá a palabra á coordinadora da titulación de Grao en Mestre/a de Educación Infantil, a profesora Alba Mª Souto, quen indica que o curso académico 2024-2025 transcorreu sen incidencias salientables e agradece ás coordinadoras de curso o seu labor.

En relación as actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos e outras actividades de formación e orientación do alumnado, a coordinadora destaca que no primeiro curso leváronse a cabo 12 actividades vencelladas ás materias de *Didáctica e Profesión Docente*, *Socioloxía da Educación*, *Infancia, Familia e Escola*, *Psicoloxía da Educación, Psicoloxía do Desenvolvemento 3-6 anos* e *Procesos de mellora e usos das TIC*. Indica tamén que se desenvolveu a *Formación en competencias en información (nivel básico).* No segundo curso desenvolvéronse dúas actividades no marco das materia *Escola Inclusiva e Necesidades Educativas Especiais e Dificultades de Aprendizaxe e Trastornos do desenvolvemento.* No terceiro curso non se rexistrou ningunha actividade. No cuarto curso rexistráronse 2 actividades, unha delas na materia de *Educación en contextos rurais*. A outra actividade fai referencia á *Formación en competencias en información* (nivel avanzado).

No que respecta aos resultados das enquisas de satisfacción, a profesora Alba Mª Souto sinala que, no primeiro semestre, distribuíronse as enquisas naqueles cursos que logo tiñan Prácticum e TFG e, no segundo semestre, concretamente no mes de abril, creáronse as enquisas en liña para cada curso. Co fin de obter o maior número de respostas, facilitouse ao alumnado a ligazón á enquisa publicada na páxina de coordinación de cada curso no Campus Virtual, e tamén se intentou contactar con algún docente para que puidese ceder algúns minutos da súa clase a fin de que os estudantes puidesen cubrir as enquisas. Indica que o número de respostas obtidas no primeiro curso foron 50, no segundo curso 14, no terceiro curso 6, e cuarto curso foron 26 no primeiro semestre, e 2 no segundo semestre. En xeral, os resultados amosan que o alumnado está satisfeito cos diferentes aspectos polos que se lles pregunta. A cuestión cunha maior marxe de mellora fai referencia aos horarios. Ademais, nos seus comentarios o estudantado sinala o elevado número de alumnos que hai nas sesións expositivas o que dificulta o desenvolvemento destas sesións.

No que atinxe ás incidencias, comentarios, suxestións, demandas ou queixas de profesorado/alumnado, a coordinadora recolle as seguintes:

- Primeiro curso: Aínda que o profesorado realiza, en maior medida, unha valoración positiva, infórmase dalgunhas dificultades xeradas por mor do elevado

FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

Av. Ramón Ferreiro s/n . 27002 Lugo
Tfno. 982821005
formacionprofesorado.decanato@usc.gal

número de alumnado que hai nas sesións expositivas. Ademais, póñense de manifesto as dificultades que teñen algúns e algunhas estudantes para realizar traballos en grupo.

- Segundo curso: O profesorado pon de manifesto o uso de aplicacións como Whatsapp en clase por parte do estudantado. Ademais, rexístrase algunha incidencia relacionada con unha estudante que solicita acudir coa súa filla lactante aos exames.
- No terceiro e cuarto curso non constan incidencias ou suxestións.

Finalmente, no que respecta á revisión dos programas do curso 2025-2026, a profesora Souto indica que se seguiu o procedemento habitual que xa foi descrito na anterior Xunta de Facultade.

A vicedecana, Paula López, agradece a intervención e cede a palabra á profesora María Campos, coordinadora da titulación de Grao en Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao (DG), quen agradece o traballo das coordinacións de curso ao longo de todo o ano académico, pero especialmente á hora de elaborar os informes de final de curso. A continuación fai un resumo dos aspectos máis salientable dos informes sobre a marcha dos cursos.

En canto ás actividades transversais, ApS, etc. que se rexistraron nas ferramentas habilitadas para tal fin nas aulas de coordinación do Campus Virtual para cada curso do título de Primaria, recóllense un total de 14 actividades (8 actividades no primeiro curso, 1 no segundo, 4 no terceiro, e 1 no cuarto).

No referente ás enquisas de coordinación cubertas polo alumnado, pódese apreciar unha baixada significativa na participación na maioría dos cursos, que coincide con aqueles nos que non houbo oportunidade de ceder uns minutos nunha sesión presencial de clase para animar ao estudantado a cubrir estas enquisas. Por iso, sinálase unha vez máis a necesidade de que o profesorado ceda estes espazos que fomentan a participación. Os resultados das enquisas indican que existe "bastante" ou "moita" satisfacción na maioría dos ítems preguntados. Como ven sendo habitual, esta satisfacción baixa sensiblemente en relación aos horarios, a carga de traballo autónomo, e por primeira vez este ano, cos espazos para a docencia (o alumnado sinala aulas pequenas para o elevado número de estudantes, e mal distribuídas). O DG sinala, como ven sendo habitual, menos satisfacción especialmente nos horarios, excesivamente espallados ao longo do día.

En canto a incidencias, comentarios, suxestións, demandas ou queixas, a coordinadora sinala poucas:

- Dúas do alumnado de primeiro de primaria, relativas a solicitar listaxes de alumnado que vai secundar paros académicos e a unha materia con problemas na calidade da docencia recibida. Ambas foron xestionadas.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

Av. Ramón Ferreiro s/n . 27002 Lugo
Tfno. 982821005
formacionprofesorado.decanato@usc.gal

- Dúas do alumnado no terceiro curso de primaria, que consideran escaso o tempo de Prácticum I, e sinalan que debería valorarse a posibilidade de proporcionar bolsas de transporte para quen fai as prácticas fóra da cidade.
- Na xuntanza do 3º de DG debátese sobre unha cuestión que emerxe da enquisa do alumnado, que sinala moito solapamento entre contidos das materias. Reflexiónase en torno a que se debería promover a comunicación entre docentes para previr estes solapamentos na medida do posible.
- No 4º curso de Primaria e DG o alumnado lamenta que haxa materias optativas solapadas en horarios, e unha profesora sinala a problemática das intelixencias artificiais xenerativas na titorización dos TFG.

Por último, a coordinadora indica que os informes de revisión de programas foron detallados e aprobados en Xunta de Facultade, e quere aproveitar a oportunidade para volver lembrar ao profesorado a importancia de cubrir o formulario na aplicación Forms coa información relativa aos programas de cada materia, xa que deste xeito afórrase moitísimo traballo ás coordinacións de curso. Para cada materia que non se cubre o Forms, a cantidade de tempo que hai que invertir para xestionalo é moi importante. E as coordinacións de curso están xa sobrecargadas de por si. Tamén indica que o informe de seguimento da titulación de Primaria e do DG, foi aprobado en Xunta de Facultade con data do 30 de maio de 2025.

A vicedecana indica que os datos son, en xeral, positivos. Acórdase seguir lembrando ás coordinacións de curso que solicite a colaboración do profesorado para ceder uns minutos das súas sesións e cubrir as enquisas de coordinación de curso na aula, para así tratar de aumentar a participación.

Sobre o tema da Intelixencia Artificial (IA) e os TFG, xa comentado en Xunta de Facultade, debátese se na vindeira xuntanza da comisión de Prácticum e TFG se poderá explorar a posibilidade de revisar as porcentaxes de avaliación do traballo escrito e a defensa. A profesora Rocío García, membro desta comisión, propón facer una consulta a todo o profesorado, e indica que non temos ferramentas cen por cento fiables para determinar o uso da IA nos traballos. A profesora María Campos sinala que parte da solución podería ser o recoñecemento das horas reais que implica titorizar un TFG por parte dos docentes. A profesora Paula López engade que será pertinente facer as modificacións na avaliación dos TFG en coordinación coa facultade de Santiago.

En canto á masificación das aulas, a vicedecana considera que é un tema recorrente, xa que a universidade permite matricular a máis alumnado do que se pode asumir, e así non se pode acadar un bo proceso de ensino-aprendizaxe.

Por último, a vicedecana indica que as optativas que se solapan nos horarios son as das diferentes mencións, porque se entende que o alumnado fai unha mención de cada vez. A profesora María Campos puntualiza que o comentario do alumnado vai na liña de que

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: D9F3-87B9-42D2-8523

FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

Av. Ramón Ferreiro s/n . 27002 Lugo
Tfno. 982821005
formacionprofesorado.decanato@usc.gal

é unha magoa que toda a oferta real de optativas non se corresponda coa teórica debido aos horarios.

**3. Informe da Coordinación de Título do Mestrado en Profesorado de Secundaria. sobre a marcha do curso 2024-2025. Análise, reflexión e acordos a tomar.**

A vicedecana, Paula López, dá a palabra ao profesor Carlos Dosil, coordinador do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, que indica que o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato no Campus de Lugo ofertou 60 prazas, no que se impartiron as tres especialidades: Ciencias Experimentais, Formación Profesional e Linguas e Literatura. En liñas xerais está a transcorrer todo dentro da normalidade, respectándose as datas programadas polo calendario académico, realizándose as reunións de comisión de título en tempo e forma, e cunha alta implicación de todos os membros da mesma. Destaca que neste curso 2024-25 cubríronse as 60 prazas ofertadas, dándose de baixa finalmente catro alumnos, e impartíronse once materias entre as tres especialidades en cada un dos trimestres cos seus respectivos Prácticums.

No capítulo de profesorado, sinala que impartiron docencia, entre as tres especialidades, 23 profesores e profesoras, destacando o elevado número de áreas que participan no mestrado. Isto fai, que nalgún momento do ano haxa dificultades para poder xestionar adecuadamente a substitución de PDI cando se dan baixas por substitución ou traslados por concursos. Destaca o gran movemento que se produce cada ano.

En canto á matrícula para poder defender o TFM, fixérona 87 alumnos, asignando a titorización do mesmo a 12 docentes. Do total de alumnos e alumnas, finalmente 14 da especialidade de Ciencias Experimentais solicitaron a defensa oficial, 8 de Formación Profesional e 11 da especialidade de Lingua e Literatura. As defensas da segunda convocatoria, están programadas, respectando o calendario académico, para esta semana do 14 ao 18 de xullo de 2025.

No que respecta ao número de dispensas concedidas por motivos xustificados pola USC, foron 34, incrementándose este número ano tras ano.

En canto ao apartado de calidade, durante este curso académico 24-25, o Mestrado está a ser avaliado externamente, programando a visita os avaliadores para o mes de setembro.

En canto ás accións formativas transversais ofertadas para o alumnado do mestrado, ofreceuse o curso organizado pola biblioteca da Facultade de Formación de Profesorado "Recursos bibliotecarios, buscas documentais orientadas ao TFM". Ademais, celebráronse dúas sesións incluídas dentro do Plan Forte nas que participaron profesores externos á facultade, unha delas na xornada de benvida do mestrado, na que participou o xefe de

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: D9F3-87B9-42D2-8523

Av. Ramón Ferreiro s/n . 27002 Lugo
Tfno. 982821005
formacionprofesorado.decanato@usc.gal

estudos do Instituto Lucus Augusti así como nas xornadas de preparación do Prácticum I onde participou un docente do CEIP as Neves de Pontevedra.

Finalmente, agradece a todo o equipo que forma parte do Máster de Secundaria pola súa dedicación e o seu bo facer, en particular á Xestora da facultade Ana Brao e a responsable de calidade Paula López Rúa pola súa implicación.

Despois dos comentarios feitos polo coordinador, acórdase continuar a promover actividades de formación e orientación do alumnado, como as que se veñen facendo dende a biblioteca da FFP, actividades con profesionais externos, etc., e levar a cabo un seguimento das dispensas concedidas, para comprobar se seguen aumentando.

**4. Informe da Coordinación de Título do Mestrado DAEN sobre a marcha do curso 2024-2025. Análise, reflexión e acordos a tomar**.

A vicedecana, Paula López, dá a palabra á coordinadora do Master DAEN, a profesora Leticia López, quen comeza dando conta das reunións mantidas da Comisión Académica do Master DAEN no segundo semestre, indicando as cuestións más destacadas abordadas en cada unha:

- Sesión ordinaria do 9-1-25. O Máster DAEN superou con éxito a primeira fase do proceso de avaliación á Mención de Excelencia, pero na resolución final non foi seleccionado. Tamén informouse da oferta de prazas para o curso 25-26, e de diferentes aspectos do acto de graduación que o alumnado asumió realizar por separado.
- Sesión extraordinaria do 29-1-25. Aprobación das propostas de TFM presentadas.
- Sesión ordinaria do 5-2-25. Premio extraordinario do curso 2023-24 a unha alumna do Máster DAEN ao ser o mellor expediente do curso; participación no webinario de difusión dos másteres da USC; os cambios de matrícula e aprobación da PDA para o curso 25-26.
- Sesión ordinaria do 13-3-25. Aprobación do horario para o curso 25-26, e aprobación de propostas de TFM.
- Sesión ordinaria do 24-4-25. Información sobre as solicitudes de matrícula de alumnado estranxeiro, e aprobación de propostas de TFM.
- Sesión ordinaria do 28-5-25. Información sobre orzamento dispoñible do Campus Terra para a adquisición de material docente, sobre o período de Prácticum e sobre a avaliación dos programas das materias, agradecendo ao profesorado a colaboración no proceso; e aprobación do o Informe de seguimento do Título.
- Sesión extraordinaria do 20-6-25. Aprobación dunha proposta de TFM e rexeitamento doutra por non cumprir as condicións que se solicitaban.

A coordinadora tamén informa sobre o Prácticum do mestrado, realizado entre o 24 de marzo e o 23 de maio. Segundo as enquisas de satisfacción, cubertas por titores e alumnado, a valoración dos diferentes ítems é moi positiva. Os titores destacan o

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: D9F3-87B9-42D2-8523

FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

Av. Ramón Ferreiro s/n . 27002 Lugo
Tfno. 982821005
formacionprofesorado.decanato@usc.gal

desenvolvemento de competencias, a coordinación e a organización. A participación nestas enquisas tamén foi alta. Por parte do alumnado a satisfacción co Prácticum tamén foi "alta" ou "moi alta".

Por último, a coordinadora, Leticia López, sinala que se defenderon 14 TFM na oportunidade de xuño con resultados moi positivos, e que xa se recibiron 37 solicitudes de matrícula para o vindeiro curso académico.

A vicedecana salienta que os datos das enquisas propias 24-25 son moi positivos, e que serán os que servirán de base para a acreditación o curso que ven. Indica que o mestrado está ben encamiñado, e acórdase seguir na mesma liña.

**4. Informe de execución do Plan FORTE do curso 2024-2025. Análise e reflexión sobre a eficacia do Plan, e acordos a tomar**.

A vicedecana, e Responsable de Calidade do Centro, a profesora Paula López, solicita que conste como anexo á acta o informe completo de execución do Plan FORTE do curso 24-25, o cal continúa a reflectir neste curso, e atendendo á Fase II do desenvolvemento do Plan, as actividade desenvolvidas en Graos e Mestrados. No informe proporciónanse datos sobre a posta en marcha de todas as actividades levadas a cabo nas diferentes liñas do Plan, que xustifican a súa continuidade en vindeiros cursos ou a organización de actividades similares, tendo en conta, por exemplo, o interese da actividade para a formación ou orientación do estudantado, os datos de participación na mesma, a resposta ou acollida da actividade por parte do alumnado, os datos das enquisas de satisfacción coa actividade (de habelas), as incidencias detectadas, etc.

No curso 24-25 destácanse a boa acollida da sesión orientativa sobre mobilidade e a avaliación positiva das sesións de benvida de Graos e Mestrados, así como o feito de que tres alumnas do Grao de Infantil presentaron solicitudes na convocatoria de alumnado titor e completaron a súa formación, polo que poderían participar, por exemplo, nas xornadas de benvida. Dentro das actividades da liña 3 cómpre salientar o número de iniciativas desenvolvidas nos diferentes cursos dos graos, cun importante número de proxectos de Aprendizaxe-Servizo (por exemplo: o proxecto AserES Lugo, un proxecto para identificar estados de ansiedade e depresión nos docentes, un proxecto de traballo coa ONCE, un sobre robótica en educación infantil, e o proxecto Comunica Tea), ademais de actividades con profesionais externos e saídas de campo. Desenvolvéronse tamén neste curso as xornadas *UNITIC*, co obxectivo de reflexionar sobre o impacto das TIC na vida académica, as Xornadas *Acoso sexual e acoso por razón de xénero, orientación sexual e identidade de xénero,* e seminarios e conferencias impartidas por profesorado invitado dentro do programa Erasmus+, así como outras xornadas publicitadas nos Mestrados (as xornadas "El@n" e a xornada *Desafíos para os programas formativos duales nun mundo dixital*)

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

Av. Ramón Ferreiro s/n . 27002 Lugo
Tfno. 982821005
formacionprofesorado.decanato@usc.gal

Cómpre destacar tamén as actividades organizadas pola Comisión de Normalización Lingüística da facultade (un obradoiro de regueifas e outro sobre literatura infantil). Neste aspecto, e como figura no informe, o Proxecto CompetenteS non terá continuidade no seguinte curso, xa que a CNL valora dar prioridade a outras actividades.

Para rematar, a profesora Paula López agradece a todas as coordinacións de curso e de título o traballo desenvolvido recompilando os datos necesarios para a elaboración do informe.

Analizadas no seu conxunto as liñas do Plan por parte dos membros da Comisión de Calidade, e revisada a eficacia das diversas actividades que o compoñen, a Comisión valora positivamente as diferentes iniciativas do Plan, e acorda continuar coa súa implementación no curso 2025-26, desenvolvendo as liñas do Plan coas mesmas actividades ou outras de similar natureza, coas actualizacións e axustes pertinentes. Tamén, acorda seguir facendo un seguimento das condicións de desenvolvemento do Programa de Alumnado Titor da USC para valorar a súa continuidade no Plan FORTE.

**6. Informe sobre a Memoria de Calidade do curso 23-24.**

A vicedecana, e responsable de calidade do centro, lembra aos membros da comisión que a memoria se aprobou en Comisión de Calidade do 25 de abril (consta en acta) e enviouse a calidade dentro do prazo establecido. Informa tamén de que estamos á espera de recibir o informe técnico de calidade co visto bo para poder aprobala en Xunta de Facultade (previsiblemente no primeiro semestre do vindeiro curso).

**7. Informe sobre o itinerario formativo do PDI da FFP (curso sobre Turnitin). Acordos a tomar para o curso 25-26.**

A vicedecana, Paula López, sinala que a creación dun itinerario formativo para o PDI é unha acción de mellora que figura como aberta para o curso 24-25 nos dous Graos. No primeiro semestre deste curso, indica que se procedeu á administración da enquisa dirixida ao PDI sobre as súas necesidades en materia de formación, analizáronse os resultados das enquisas, e, tendo en conta as necesidades detectadas, organizouse un curso específico para o PDI da facultade sobre a ferramenta Turnitin, a cargo da profesora Alba Mª Seijo, á quen lle agradece a súa dispoñibilidade. O curso impartiuse o 21 de maio por Teams, ofertáronse 25 prazas e asistiron 23 docentes, todos eles aptos.

A vicedecana indica que, ao ser unha actividade formativa propia, se enviou tamén ao profesorado participante unha enquisa de satisfacción para incorporar o dato na memoria de calidade, e tamén nos informes dos graos, porque é unha acción do plan estratéxico da facultade. Lembra que no PEC temos como obxectivo un índice de satisfacción igual ou superior a 3 puntos sobre 5. A enquisa aínda esta aberta, pero unha análise provisional dos datos indica un alto grado de satisfacción. A vicedecana sinala que con esta acción formativa máis as xornadas UNITIC xa teríamos acadado o obxectivo do plan estratéxico para este curso 24-25. Indica que quedaría por organizar outra para o curso 25-26. A este

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

Av. Ramón Ferreiro s/n . 27002 Lugo
Tfno. 982821005
formacionprofesorado.decanato@usc.gal

respecto, indica que a presidenta da comisión, Carmen Sarceda, ofreceuse a contactar co catedrático de Tecnoloxía da Universidade de Málaga, Manuel Cebrián, para explorar a posibilidade de que imparta ao PDI da FFP unha charla ou conferencia on line sobre un tema relacionado coa IA e a educación.

A comisión acorda organizar esta actividade formativa ou outra similar para o curso 25-26.

**8. Preparación do inicio do curso 25-26: xornada de benvida para o alumnado de Graos e Mestrados e sesión informativa sobre mobilidade**.

A vicedecana, Paula López, informa sobre estas dúas cuestións:

- As presentacións das xornadas de benvida dos graos están listas (modificáronse ligazóns por cambio de normativas e actualizouse información sobre dispensas) e os formularios están baleiros para volver pasar as enquisas (as enquisas están configuradas sen data de apertura ou peche). Cómpre repasar as ligazóns e verificar que todo funciona. Nas presentacións dos mestrados tamén se actualizou información e se baleiraron os formularios e cómpre tamén revisalas e engadir o que se considere oportuno.
- A presentación sobre os programas de mobilidade está actualizada e a previsión e organizar a sesión informativa o 29 de setembro. O formulario de satisfacción está baleiro e programado para encher ese día, polo que malia que a presentación estea colgada e visible nas aulas de coordinación, non se poderá encher a enquisa ata a hora da sesión. Queda confirmado que a profesora Pauline Blatt vai coordinar destinos erasmus no curso 25-26

**9. Comisión de convivencia. Acordos a tomar.**

Antecedentes: Na sesión da Xunta da Facultade do 21 de decembro de 2023 (acta nº 452), discútese a preocupación do profesorado sobre as conductas disruptivas mostradas polo alumnado nalgunhas aulas, e suxírese a posibilidade de elaborar un plan de convivencia propio da FFP, para poder xestionalas. Na sesión da Comisión de Calidade do 22 de xaneiro de 2024 (acta nº 48), acórdase a creación dunha Comisión de Convivencia para elaborar este plan de convivencia. Na sesión da Xunta de Facultade do 6 de febreiro de 2024 (acta nº 454), solicítanse voluntarios interesados, de todos os sectores implicados, en formar parte da Comisión de Convivencia. Na sesión da Comisión de Calidade do 23 de maio de 2024 (acta nº 54), e dentro das accións de mellora abertas para o curso 23-24, discútese a pertinencia de crear unha Comisión de Convivencia para traballar sobre as actuacións disruptivas do alumnado da Facultade ou fusionala con outra xa existente como a de Docencia ou Xénero. Suxírese fusionar a Comisión de Convivencia coa Comisión de Xénero, acordando facer a consulta aos membros das dúas comisións.

Segundo todo isto, a vicedecana Paula López sinala que para formar parte da comisión de convivencia se solicitaron persoas voluntarias, pero a comisión non se chegou a constituir

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

Av. Ramón Ferreiro s/n . 27002 Lugo
Tfno. 982821005
formacionprofesorado.decanato@usc.gal

formalmente en Xunta de Facultade. Tamén indica que se contactou coa Comisión de Xénero e se explorou a posibilidade de fusionalas, pero a iniciativa non prosperou.

Para decidir como proseguir coa Comisión de Convivencia, xa que isto forma parte dunha acción do Plan Estratéxico, hai que ter en conta o nulo recoñecemento do traballo que implica formar parte de comisións como esta ou outras, como a CNL ou a de xénero, así como o feito de que a normativa de convivencia da USC non se axusta ás necesidades reais dos centros en materia de disciplina e non permite sancións por parte dos centros, co cal, a comisión (que tería que actuar nas incidencias con comparecencias das persoas afectadas, estudando casos e tomando decisións) non pode tomar ningunha medida, e sería un paso intermedio que faría máis lento todo o procedemento, ata elevar a incidencia ao Reitorado vía Decanato, e non resolvería nada. Tendo en conta estas cuestións, e despois de falar do tema coa presidenta da Comisión de Calidade, Carmen Sarceda, a vicedecana propón paralizar todo o proceso de creación da comisión de convivencia e posterior determinación das súas funcións e tarefas ata que as circunstancias sexan máis favorables (por exemplo, que a normativa cambie e deixe máis marxe de actuación aos centros, e que se recoñeza o labor das persoas integrantes desta e doutras comisións, por exemplo con HDEs).

Os membros da comisión discuten a pertinencia de colocar a información relativa á problemas de convivencia, normativa relacionada, etc., noutros documentos (como a Guía para o profesorado de nova incorporación no apartado de preguntas frecuentes) para que estea dispoñible para todos.

A comisión acorda paralizar todo o proceso de creación da comisión de convivencia e posterior determinación das súas funcións e tarefas ata que as circunstancias sexan máis favorables.

## 10. Bolsas SICUE. Acordos a tomar.

A vicedecana, Paula López, indica que este tema tamén foi consultado coa presidenta da comisión, Carmen Sarceda, e, unha vez valorada a posibilidade de conceder este tipo de axudas, conclúese que o establecemento de criterios obxectivos para unha distribución razoada das axudas é complicado, e os trámites necesarios para a posta en práctica (acordar os criterios, facer a convocatoria tendo en conta cuestións económicas, xurídicas, etc, valorar as solicitudes) implicarían un tempo e un esforzo que vai máis aló das obrigas das persoas que desempeñan nesta facultade algunha tarefa relacionada coa mobilidade, concretamente membros da comisión de intercambios.
Despois de discutir esta cuestión, a comisión acorda non continuar coa proposta de establecer bolsas para o alumnado SICUE, ao considerarse inviable pola dificultade para establecer criterios de concesión, e pola carga administrativa que suporía para a comisión de intercambios.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

Av. Ramón Ferreiro s/n . 27002 Lugo
Tfno. 982821005
formacionprofesorado.decanato@usc.gal

**11. Acordos a tomar sobre a presentación do Documento Marco de funcións das Coordinacións (3ª edición) á vindeira convocatoria de boas prácticas de calidade.**

A vicedecana indica que temos a sorte de ter varias iniciativas para presentar a estes premios. Unha delas está relacionada co prácticum pero fáltalle pilotaxe e datos de retroalimentación, polo que podería quedar para o curso seguinte. Para esta convocatoria propón presentar este Documento marco de funcións de coordinacións, xa que levamos moitos cursos traballando con el, e temos a pilotaxe. A vicedecana sinala que xa se pasara unha enquisa aos coordinadores de curso na primeira edición, e que agora se pode facer unha breve enquisa a todo o PDI no primeiro semestre. A vicedecana comparte a seguinte ligazón, e revísase a pertinencia das preguntas feitas:
https://forms.office.com/Pages/DesignPageV2.aspx?prevorigin=shell&origin=NeoPortalPage&subpage=design&collectionid=l8vusns6tfac9ddf68o42t&id=LEUNj6S3ZEm4EIw5c3RHe0a6ahhsschCs4911mr6s8tUOUU2NzgyODNUV1Q2VkxNOUhMTDRYRjVBMi4u

A comisión acorda pasar a enquisa ao profesorado da FFP, no primeiro semestre do curso 25-26, para recompilar datos, e presentar o Documento marco de funcións de coordinacións á seguinte convocatoria de boas prácticas de calidade.

**12. Toma de decisións sobre a creación dunha páxina de facebook/ instagram da FFP.**

A vicedecana, Paula López, explica que consultou coa ATIC para solicitar información sobre o proceso de creación e mantemento dunha páxina de Facebook ou Instagram da Facultade, e responderon que remitiron a consulta á sección denominada melloras.comunicacion@usc.gal. Como non recibiu resposta, a vicedecana consultou con eles directamente e responderon que remitiron a consulta ao gabinete de comunicación da USC. Indica que segue á espera de resposta.

A vidececana tamén consultou esta cuestión coa Vicedecana da FCE, Isabel Dans, xa que esa facultade ten Facebook, e ela remitiuna á Vicedecana María López Sande, por ser a persoa que fai o mantemento como parte das obrigas do seu cargo. A vicedecana da FCE, María López, comentou que cando ela chegou ao cargo a páxina xa estaba creada, e que posiblemente haxa que solicitar a apertura da conta á Secretaría Xeral da USC.

Neste punto, xorden diferentes cuestións en relación á creación desta páxina de FacebooK/Instagram: quen crea a páxina?, será unha páxina institucional?, haberá un procedemento concreto para creala?, quen a mantén actualizada?, habería opción de contratar a algún bolseiro para facer esa tarefa? E tamén xorden dúbidas sobre a utilidade real destas páxinas: que información que non se colga na web da facultade se poderían engadir?, quen vai consultar esa páxina realmente?, dise que é una boa iniciativa para publicitar os centros e captar alumnado, pero nós precisamos captar alumnado?

Discútese na comisión todo o traballo e tempo que implica manter páxinas web de grupos de investigacións, páxinas de Facebook de mestrados, etc., traballo que non estaría

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

Av. Ramón Ferreiro s/n . 27002 Lugo
Tfno. 982821005
formacionprofesorado.decanato@usc.gal

recoñecido, e valóranse outras alternativas vistas en redes sociais que poden ser máis acaídas, como o xornal da USC, que comparte a información co Instagram da USC. Tamén coméntase que pode ser interesante ver todas as redes de difusión que ten a USC para promoción. Isto estaría na liña de visibilizar a FFP, que é un obxectivo do Plan Estratéxico.

A comisión acorda explorar estas outras vías alternativas para poder tomar decisións.

**13. Rolda aberta de intervencións.**

A profesora María Campos agradece á vicedecana Paula López a súa colaboración nos informes e proxectos recoñecidos con premios.

Sen mais intervencións a vicedecana, Paula López Rúa, responsable de calidade do centro e presidenta accidental da comisión agradece a presenza de todos os membros e da por rematada a sesión, da que redacto acta como secretaria.

A secretaria — Vº e Prace da Presidenta accidental da Comisión

Asdo: Virginia Aznar Cuadrado — Asdo: Paula López Rúa

# ANEXOS

Informes de coordinación dos títulos de Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Grao de Mestre/a en Educación Primaria.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

**INFORME DA COORDINACIÓN DE TÍTULO, CURSO 2024-2025:**
**GRAO DE MESTRE/A EN EDUCACIÓN INFANTIL**

**ALBA MARÍA SOUTO SEIJO**

En liñas xerais, o curso académico 2024-2025 transcorreu sen incidencias salientables. Seguidamente, exponse unha síntese dos informes das coordinacións de curso sobre a marcha do presente curso. Os informes completos inclúense no Anexo I. Agradécese ás coordinadoras de curso a súa labor.

## 1. Informes das coordinacións sobre a marcha do curso académico

### 1.1. Actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos e outras actividades de formación e orientación do alumnado

#### Primeiro curso

No primeiro curso leváronse a cabo 12 actividades (9 no primeiro cuadrimestre e 3 no segundo cuadrimestre).

- 1º cuadrimestre: no marco das materias *Didáctica e Profesión Docente* e *Socioloxía da Educación* o estudantado participou nun Proxecto de Aprendizaxe-Servizo, así como en diferentes actividades: unha actividade transversal e cinco actividades con profesionais externos. Ademais tamén participaron nunha actividade de campo na materia *Infancia, familia e escola*.
- 2º cuadrimestre: durante o segundo cuadrimestre desenvolvéronse tres proxectos de Aprendizaxe-Servizo, vinculados ás materias de *Psicoloxía do Desenvolvemento 3-6 anos*, *Psicoloxía da Educación* e *Procesos de mellora e uso das TIC*.

Ademais, a Biblioteca da Facultade desenvolveu a “Formación en competencias en información” (nivel básico). Este ano houbo dúas quendas, a primeira delas en outubro-novembro e a segunda en xaneiro-febreiro. En total, nas dúas quendas matriculáronse 82 estudantes e aprobaron 73.
A valoración que fixo o alumnado de todas as actividades foi moi positiva, polo que se espera a súa continuidade.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: D9F3-87B9-42D2-8523

### Segundo curso

No segundo curso o alumnado participou nun proxecto de Aprendizaxe-Servizo vinculado á materia *Dificultades de Aprendizaxe e Trastornos do desenvolvemento.* Ademais, levouse a cabo unha sesión con profesionais externos na materia *Escola Inclusiva e Necesidades Educativas Especiais.*

### Terceiro curso

No terceiro curso non se rexistrou ningunha actividade.

### Cuarto curso

No cuarto curso rexistráronse 2 actividades: unha delas foi unha actividade de campo vinculada á materia de *Educación en contextos rurais.* A outra actividade foi a "Formación en competencias en información" (nivel avanzado) desenvolvida pola Biblioteca da Facultade. Este ano tamén houbo dúas quendas, a primeira delas en outubro-novembro e a segunda en marzo-abril. En total, nas dúas quendas matriculáronse 40 estudantes e aprobaron 20.

## 1.2.Resultados das enquisas de coordinación de curso feitas ao alumnado

No primeiro semestre, distribuíronse as enquisas naqueles cursos que logo tiñan Prácticum e TFG e, no segundo semestre, concretamente no mes de abril, creáronse as enquisas en liña para cada curso.

Co fin de obter o maior número de respostas, facilitouse ao alumnado a ligazón á enquisa publicada na páxina de coordinación de cada curso no Campus Virtual e tamén se intentou contactar con algún docente para que puidese ceder algúns minutos da súa clase a fin de que os estudantes puidesen cubrir as enquisas. Agradécese a todo o profesorado que cedeu uns minutos das súas sesións.

O número de respostas obtidas foi o seguinte: primeiro curso (50), segundo curso (14), terceiro curso (6) e cuarto curso (26 primeiro semestre; 2 segundo semestre). A continuación, sintetízanse os resultados obtidos (de acordo coa análise realizada polas coordinadoras de curso).

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

## Primeiro curso

Os resultados amosan que o alumnado está bastante ou moi satisfeito con aspectos como os "espazos para a docencia", os "recursos técnicos para a docencia", a "coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a", a "adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes", e os "solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a". Por outra parte, as cuestións cunha maior marxe de mellora fan referencia á "carga de traballo autónomo das materias cursadas", e ao "número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación".

## Segundo curso

No relativo aos resultados obtidos no segundo curso, pódese afirmar que o alumnado está bastante satisfeito ou moi satisfeito cos espazos, os recursos técnicos ou o número de traballos e espazos. Os ítems onde se sinala unha menor satisfacción son os relativos aos horarios e ao número de estudantes nas sesións.

## Terceiro curso

No terceiro curso os horarios lectivos e o solapamento de contidos entre materias son os aspectos nos que se obtén unha menor valoración. No resto de ítems o alumnado amosa estar bastante satisfeito.

## Cuarto curso

Tendo en conta os resultados das enquisas do primeiro semestre, podemos dicir que o alumnado se amosa bastante satisfeito, por exemplo, cos recursos técnicos para a docencia e a coordinación entre docentes. No que concirne aos horarios existe unha opinión dividida.

O alumnado que cubriu a enquisa do segundo semestre amosa bastante e moita satisfacción cos ítems, agás no que se refire a carga de traballo e compatibilidade do TFG e Practicum, no que as respostas mostran pouca satisfacción.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

**RESULTADOS XERAIS**

En xeral, os resultados amosan que o alumnado está satisfeito cos diferentes aspectos polos que se lles pregunta. A cuestión cunha maior marxe de mellora fai referencia aos horarios. Ademais, nos seus comentarios o estudantado sinala o elevado número de alumnos que hai nas sesións expositivas.

## 1.3.Incidencias, comentarios, suxestións, demandas ou queixas de profesorado/alumnado

### Primeiro curso

Aínda que o profesorado realiza, en maior medida, unha valoración positiva, infórmase dalgunhas dificultades xeradas por mor do elevado número de alumnado que hai nas sesións expositivas. Ademais, póñense de manifesto as dificultades que teñen algúns e algunhas estudantes para realizar traballos en grupo.

### Segundo curso

O profesorado pon de manifesto o uso de aplicacións como Whatsapp en clase por parte do estudantado. Ademais, rexístrase algunha incidencia relacionada con unha estudante que solicita acudir coa súa filla lactante aos exames.

### Terceiro curso

Non constan incidencias ou suxestións.

### Cuarto curso

Non constan incidencias ou suxestións.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

## 2. Informes de Revisión dos programas 2025-2026

| G3151441B | Educación en Contextos Rurais<br>Francisco Xosé Candia Durán | **SI** | **SI** | Apartados "Contidos" e "Sistema de avaliación": observacións xa rexistradas.<br>Apartado "Competencias": Sería necesario reducir significativamente o número das competencias adscritas a esta materia, pois resulta francamente dificultoso poder traballalas todas, aínda minimamente. |
| 3131422 | Aprendizaxe das Ciencias Sociais | **SI** | **SI** | |

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Jose Ramón Veiga Alonso | | | |
| G3131321 | Aprendizaxe da Matemática<br><br>Pablo González Sequeiros | **SI** | **SI** | Apartado "Contidos": engádese unha observación a engadir á xa rexistrada. Debería incorporarse un epígrafe relativo ao bloque de contidos de Estatístistica e Probabilidade. Este bloque, se ben non se recolle no decreto curricular, si se recomendaba traballar dende idades temperás nas referencias máis autorizadas a nivel internacional do campo da Educación Matemática Infantil |
| G3151444 | Xogo Infantil<br><br>Marcos Mecías Calvo | **SI** | **SI** | |
| G3131424 | Traballo Fin de Grao<br><br>Carmen Gómez Gómez | **SI** | **SI** | |
| G3131465 | Prácticum II<br><br>Olaya Santamaría Queiruga | **SI** | **SI** | |
| G3151447 | Educación Ambiental e a súa Didáctica<br><br>Inés Mosquera Bargiela | **SI** | **SI** | |
| G3131464 | Proxectos Artísticos<br>Vicente Blanco Mosquera | **SI** | **SI** | |
| G3131463 | O debuxo como medio | **SI** | **SI** | |

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Salvador Cidras Robles | | | |
| G3131445 | Deseño e elaboración de materiais didácticos<br>Vicente Blanco Mosquera | | | |
| G3131449 | Educación Vocal para Docentes<br>César Bugallo Carrera | | | |

**INCIDENCIAS (non hai ficha de comprobación da materia, non se adxuntou programa, etc.):**

Falta subir o programa e cubrir a ficha de comprobación das seguintes materias

G3131463 O debuxo como medio
G3131464 Proxectos Artísticos
G3131445 Deseño e elaboración de materias didácticos
G3131449 Educación Vocal para Docentes

**DATA E SINATURA**

**Lugo, 29 de maio de 2025**

**Asdo.: Sabela Fernández Monteira**

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

# INFORME DA COORDINACIÓN DE TÍTULO: PRIMARIA E DOBRE GRAO
# Curso 2024-2025
# MARÍA CAMPOS MAGDALENO

A coordinadora do Título e do Dobre Grao quere manifestar o seu agradecemento ás coordinacións de curso pola labor realizada ao longo de todo o ano académico, especialmente na elaboración dos informes de final de curso. Xúntanse ditos informes no Anexo I, e a continuación procédese a sintetizar os resultados dos mesmos, así como da información relativa ao Dobre Grao, nalgunhas ocasións incluída nos informes de Infantil.

## 1. INFORMES DAS COORDINACIÓNS SOBRE A MARCHA DO CURSO ACADÉMICO.

**Actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos e outras actividades de formación e orientación do alumnado.**

Recóllense a continuación as actividades rexistradas ao longo do curso académico 24/25 para cada curso das titulacións de Primaria. Detállanse unicamente as actividades que o profesorado deixou rexistradas, despois de recordos continuados ao longo do curso. O alumnado de Dobre Grao comparte materias de Infantil e Primaria, polo que non ten materias propias. Deste xeito, as actividades que realizaron son as mesmas que fai o alumnado destas titulacións segundo o curso que corresponde.

**No primeiro curso do Grao de Primaria** rexistráronse 8 actividades: (1) Curso de competencias en información (nivel básico) posto en marcha a través da biblioteca do centro, que nesta ocasión realizouse en dúas quendas (primeiro e segundo semestre); (2) Acción educativa orientada á recuperación da memoria do mestre Arximiro Rico, organizada polo profesor Francisco Candia; (3) ApS con entidades socioeducativas para a formación de futuros mestres e mestras a través da participación social (ASerES Lugo) organizada polas profesoras Eva Barreira, Marta Poncet e Alba Souto; (4) Actividade con profesionais externos organizada por Marta Poncet e Alba Souto; (5) Actividade transversal sobre a situación educativa do alumnado xitano, organizada por Marta Poncet e Alba Souto; (6) Sesión informativa sobre ciberseguridade e acoso escolar, a cargo dos Garda Civís encargados do Plan Director, organizada por Marta Poncet e Alba Souto; (7) Actividade reflexiva sobre a experiencia como docente e directora dun centro educativo organizada por Marta Poncet; (8) Elaboración dos pósters da exposición "Educación en feminino: un paseo pola historia" a cargo de Francisco Candia.

**No segundo curso do Grao de Primaria** realizouse a actividade “Camiñando xuntxs” para amosar a potencialidade da contorna próxima a hora de desenvolver aprendizaxes de

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: D9F3-87B9-42D2-8523

forma interdisciplinaria, a cargo de Jorge Gómez, Dolores Rodríguez, Mª José Romero, Virgina Aznar, Jorge Conde e X. Ramón Veiga.

**No terceiro curso do Grao de Primaria** rexistráronse 4 actividades: (1) Saída ao parque Rosalía de Castro a cargo de Virginia Aznar; (2) Visita a ARMH e as Médulas a cargo de Tania Riveiro e Virginia Aznar para traballar aspectos didácticos da paisaxe; (3) Participación no programa Faíscas Culturais, con visita ao Domus do Mitreo, a cargo e Alba Díaz; e (4) Actividade con profesionais externos sobre cancións e xogos no ensino de inglés, organizada por JoDee Anderson.

**No cuarto curso do Grao de Primaria** a única actividade foi o curso avanzado de competencias en información, nas dúas quedas (primeiro e segundo semestre) organizado pola Biblioteca da Facultade.

**Resultado das enquisas de coordinación de curso cubertas polo alumnado.**

Facilitouse ao alumnado ás ligazóns as enquisas de coordinación de curso a través das páxinas de coordinación de cada curso no Campus Virtual. Estas cubríronse ao remate do primeiro semestre naqueles cursos que logo tiñan Prácticum e TFG, e no mes de maio en todos os cursos. Nalgúns casos cedéronse uns minutos dalgunha sesión de clase para promover o número de respostas. A continuación sintetízanse os resultados obtidos, en canto a participación e grao de satisfacción.

Táboa 1. Número de respostas recollidas na enquisa de satisfacción para cada titulación.

| | **PRIMARIA** | **DOBRE GRAO** |
|---|---|---|
| **Primeiro curso** | 90 respostas | 16 respostas |
| **Segundo curso** | 13 respostas | 2 respostas |
| **Terceiro curso** | 4 respostas | 3 respostas |
| **Cuarto curso** | Primeiro semestre: 2 respostas<br>Segundo semestre: 11 respostas | Primeiro semestre: 11 respostas<br>Segundo semestre: 10 respostas |
| **Quinto curso** | | Primeiro semestre: 3 respostas<br>Segundo semestre: 2 respostas |

**Primeiro curso de Primaria**: predomina a opción “bastante satisfeito” e “moi satisfeito” acadando aproximadamente o 80% das respostas en 6 das 9 preguntas. As preguntas onde o alumnado amosa menos satisfacción é con respecto aos horarios, a carga de traballo autónomo e o número, prazos e datas para os traballos.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

**Segundo curso de Primaria**: o alumnado está "bastante satisfeito" ou "moi satisfeito" na maioría dos ítems preguntados, se ben onde se amosa menos satisfacción nos horarios lectivos.

**Terceiro curso de Primaria**: a baixa participación fai que os resultados non sexan representativos, se ben os resultados idncan bastante ou moita satisfacción na maioría dos ítems, agás no número de alumnado nas sesións, recursos técnicos, horarios lectivos e número de traballos.

**Cuarto curso de Primaria**: en ambas enquisas (primeiro e segundo semestre) amosan bastante ou moita satisfacción na maioría dos ítems. Soamente o número de alumnado nas sesións, os espazos para a docencia e horarios lectivos (1º semestre) e carga de traballo (2º semestre) indican unha satisfacción un pouco máis baixa.

**Primeiro curso de DG**: o alumnado está bastante ou moi satisfeito en todos os ítems, agás nos horarios lectivos e solapamento nos contidos.

**Segundo curso de DG**: a baixa cantidade de respostas fai que os resultados non sexan representativos, se ben sinalan especificamente problemas cos horarios.

**Terceiro curso de DG**: pocas respostas que sinalan problemas cos horarios e o solapamento de contidos entre as materias e primaria e infantil.

**Cuarto curso de DG:** nas enquisas de ambos semestres indican estar maiormente satisfeitos coa maioría dos ítems, agás nos espazos para a docencia, horarios lectivos, número de traballos e solapamentos entre materias.

**Quinto curso de DG**: moi baixa participación en ambos semestres, polo que os resultados non poden xeneralizarse, pero indican maiormente satisfacción, agás nos espazos para a docencia, adecuación dos contidos e coordinación entre docentes.

**RESULTADOS XERAIS DAS ENQUISAS**: obsérvase un descenso importante no número de alumnas e alumnos que cobren as enquisas, de forma que aqueles cursos onde non se deu a posibilidade de ceder uns minutos nunha sesión presencial, a participación desplomouse. Isto reforza unha vez máis a importancia de que o profesorado anime ao alumnado a cubrir a enquisa nalgunha das súas sesións, cedendo uns minutos, a agradécese a aqueles e aquelas que o fixeron no presente curso.

Con respecto á **carga de traballo autónomo** e do **número de traballos realizados nas materias,** facilitouse ás coordinacións de curso de Primaria e DG (tamén en Infantil) unha ferramenta para recoller e compartir os datos sobre entrega de traballos escritos,

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

presentacións orais, probas (ou exames) parciais e outras actividades. Esta ferramenta, en forma de calendario, púxose a disposición do profesorado de cada curso e título para que puidesen introducir as datas. Agradécese ao profesorado a súa colaboración e anímase a todo o equipo docente a continuar proporcionando esta información, xa proporciona unha visión conxunta da carga de traballos do alumnado en cada semestre, o que facilita a toma de decisións con respecto de posibles flexibilizacións. Por outra banda, esta ferramenta inclúese dentro dos informes de seguimento dos títulos como na memoria de calidade do centro.

En relación aos **horarios**, existen múltiples casuísticas que dificultan unha distribución das horas lectivas máis adecuada ás preferencias do alumnado (falta de espazos, profesorado asociado, falta de representantes do alumnado en Xunta de Facultade...). Por outra banda, sinálase que dispoñer de tempo entre clases pode facilitar a elaboración de traballos (individuais ou en grupo) e que a Facultade pon a disposición diversos espazos habilitados para isto.

**Incidencias, comentarios, suxestións, demandas ou queixas de profesorado/alumnado.**

**Primeiro curso de Primaria e Dobre Grao**:

- O alumnado sinala estar desconforme con que o profesorado solicite listaxes con información persoal sobre a intención de secundar ou non secundar paros de estudantes.
- Informan de problemas na calidade docente dunha materia, que xa se xestionou a través de decanato.
- O profesorado reflexiona sobre que o alumnado semella estar máis informado dos seus dereitos que das súas obrigas.

**Segundo curso de Primaria e Dobre Grao**:

- Non hai.

**Terceiro curso de Primaria**:

- O alumnado sinala que o periodo de Prácticum I parécelles escaso, e que deberían contarse con bolsas de transporte para quen fai as prácticas fora da cidade.

**Terceiro curso do Dobre Grao**:

- O profesorado sinala a necesidade de mellorar a comunicación entre docentes para evitar na medida do posible os solapamentos aos que fai mención o alumnado de DG.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

**Cuarto curso de Primaria e Dobre Grao**:

- O alumnado fai unha valoración positiva do curso, se ben laméntanse de que algunhas optativas estean solapadas en horarios.
- O profesorado sinala a problemática das intelixencias artificiais xenerativas na titorización dos TFG.

**Quinto curso do Dobre Grao**:

- Non hai.

## 2. INFORMES DE REVISIÓN DOS PROGRAMAS 2025-2026

As coordinacións de curso emitiron os informes de revisión dos programas para o próximo curso, labor pola que se agradece a súa participación. Empregáronse os datos dunha ficha de comprobación deseñada ao efecto, que o profesorado cubriu de forma telemática, así como unha táboa-modelo xeral para trasladar a información. Na ficha de comprobación solicitouse ao profesorado verificar que os diferentes apartados do programa estivesen cubertos na aplicación Xescampus e axustados ao especificado na Memoria de Verificación do Título (MVT). Ofreceuse a posibilidade de recoller suxestións de cambio nas fichas das materias da MVT. As táboas-modelo recibidas por parte das coordinacións xúntanse no ANEXO II. Nos casos nos que as fichas de comprobación en liña non foron cubertas, contactouse co profesorado responsable para informar da incidencia e tratar de solucionala. No caso de non ser cuberta por non haber docente responsable, contactouse co Departamento correspondente. Agradécese ao profesorado a súa colaboración nesta tarefa.

En liñas xerais, os programas das materias cumpren coa normativa de programación e axústanse ao especificado nas fichas das materias na MVT. Rexístranse incidencias menores, fundamentalmente a necesidade de actualizar as fichas na MVT e a falta de cumplimentación dalgún apartado (por exemplo, "observacións"). As suxestións de cambio nas fichas da MVT foron recollidas no correspondente rexistro de cambios para expoñerse en Comisión Intercentros no momento no que se aborde unha modificación.

Agradécese ao profesorado que cumprimentou en tempo e forma esta información, que facilita enormemente o traballo das coordiancións de curso. Animamos a seguir completando esta ficha de comprobación no futuro, e animamos ao profesorado que non o fixo a que lle dedique uns poucos minutos que aforrarán un custe de tempo significativo ás coordinadoras, xa sobrecargadas de por si.

## 3. INFORME DE SEGUIMENTO 2023-2024

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

Ao longo do segundo semestre elaborouse o Informe de Seguimento da Titulación e do Dobre Grao, que xa foi aprobado en Xunta de Facultade con data do 30 de maio de 2025.



Lugo, a 20 de xuño de 2025.
Asdo: María Campos Magdaleno.
Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/D9F3-87B9-42D2-8523
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

# Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer: VIRGINIA AZNAR CUADRADO,**
SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 19/01/2026 13:37:47.

**Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO,**
DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 19/01/2026 14:26:54.

**CSV: D9F3-87B9-42D2-8523**

# ANEXO I

# INFORMES DAS COORDINACIÓNS DE CURSO SOBRE A MARCHA DO CURSO ACADÉMICO 2024-2025

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED**

# ACTA DE REUNIÓN VIRTUAL DE COORDINACIÓN DO PRIMEIRO CURSO DO GRAO MESTRE/A DE EDUCACIÓN PRIMARIA

## Convoca: María Campos Magdaleno (coordinadora de curso)

**Lugar:** Facultade de Formación de Profesorado (reunión virtual a través de correo electrónico).

**Data**: mércores 4 de xuño de 2025 ás 12h.

**Asistentes**: Noelia Estévez Rionegro, Jose Ramón Alonso Veiga, Iván Enriquez Martínez, Pablo César Muñoz Carril, Marta María Poncet Souto, Mª Carmen Caldeiro Pedreira, Jésica Núñez García, Francisco Xose Candia Durán, Uxía Garrido Filgueira, Alba María Souto Seijo, Manoel Castro Baña, Eva María Barreira Cerqueiras, María Fiuza Asorey, María Campos Magdaleno.

**Ausentes**: Pablo García Marín, César Bugallo Carrera, Virginia Mosteiro Cagide, Delmiro Rocha Álvarez, Pablo Soto Casas, Noelia Valiño Vázquez.

**Texto da convocatoria**:

*Práceme convocarvos a xuntanza anual de coordinación de curso que terá lugar o mércores día 4 de xuño de 2025 ás 12h. A sesión será a distancia (sesión virtual) tal e como establece a lexislación vixente. O único punto da orde do día é o comentario e aprobación por asentemento do informe anual de coordinación (vai en anexos).*

*As observacións que desexedes realizar ao informe deberán facerse premendo en "responder a todos", ben sexa para expresar algún comentario que será recollido no apartado 4 do informe, ou ben para indicar conformidade con todo o exposto. O prazo límite é o mércores día 4 de xuño de 2025 ás 12h, momento no cal se enviará a acta final.*

**Puntos do informe anual de coordinación:**

1. Recompilación de actividades transversais, ApS, etc.
2. Resultados das enquisas de coordinación cubertas polo alumnado.
3. Suxestións, demandas ou queixas do profesorado/alumnado.
4. Resumo de reunións e comunicación mantidas con alumnado e profesorado.
5. Outras observacións ou comentarios.



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

# INFORME FINAL DE COORDINACIÓN DE CURSO 2024- 2025

## PRIMEIRO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

## COORDINADORA: MARÍA CAMPOS MAGDALENO

1. **Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso (recompilar do profesorado: táboas de actividades).**

Ao longo do curso 24/25 rexístranse un total de 8 actividades:

| | |
|---|---|
| Data de inicio da actividade: | 22 de novembro de 2024 |
| Data de finalización da actividade: | 22 de novembro de 2024 |
| Duración da actividade: | 90 minutos con cada un dos grupos expositivos |
| Tipo de actividade: | Actividade con profesionais externos |
| Responsable: | Francisco Xosé Candia Durán |
| Nome da actividade: | Silueteando. Historias por contar da vida dun mestre lucense republicano: Arximiro Rico Trabada (1905-1937) |
| Materia/s vinculada/s: | Teoría e Historia da Educación Escolar |
| Breve descrición: | Acción pedagóxica orientada á recuperación da memoria do insigne mestre, natural do Concello de Baleira, Arximiro Rico Trabada, salvaxemente asasinado en 1937 por "ensinar a ler a un pobo".<br><br>Déronse a coñecer as claves da súa vida e do seu tempo e seguidamente realizouse unha intervención plástica e literaria, da que dá conta un mural que quedou instalado na aula 22.<br><br>Coa participación de Xavier Fernández Rodríguez (profesor do CSM da Coruña e doutorando da UdC no programa "Innovación e Equidade na Educación") e de Lorena Paz Abelleira (artista plástica e bibliotecaria da USC). |
| Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...): | Valoración positiva, habida conta da asistencia e implicación do alumnado e da verbalización da satisfacción por ter participado, tanto por parte dos docentes como do estudantado.<br><br>Entendeuse que a actividade foi eficaz para o obxectivo que se buscaba: a recuperación e posta en valor da memoria histórica, neste caso do maxisterio lucense, a través dunha das súas figuras máis senlleiras. |

| | |
|---|---|
| Data de inicio da actividade: | 9 de setembro de 2024 |
| Data de finalización da actividade: | 20 de decembro de 2024 |
| Duración da actividade: | Primeiro semestre |
| Tipo de actividade: | Proxecto de Aprendizaxe-Servizo |
| Responsable: | Eva M. Barreira Cerqueiras, Marta Poncet Souto e Alba M. Souto Seijo |
| Nome da actividade: | Proxecto Interdisciplinar ASerES Lugo: Aprendizaxe-Servizo con Entidades Socioeducativas para a formación de futur@s mestr@s |
| Materia/s vinculada/s: | Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101) |
| Breve descrición: | Durante o primeiro semestre o alumnado tivo a oportunidade de participar nun proxecto interdisciplinario no que se combinan as metodoloxías de ApS e ABPx. A finalidade do proxecto en relación co alumnado é a adquisición e a mellora de competencias profesionais propias da profesión a través de experiencias de participación social. |
| Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...): | Os estudantes valoraron o proxecto de maneira moi positiva. |



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

| | |
|---|---|
| Data de inicio da actividade: | 23 de outubro de 2024 |
| Data de finalización da actividade: | 23 de outubro de 2024 |
| Duración da actividade: | 90 minutos |
| Tipo de actividade: | Actividade con profesionais externos |
| Responsable: | Marta Poncet Souto e Alba M. Souto Seijo |
| Nome da actividade: | Transformando a aula con ABP |
| Materia/s vinculada/s: | Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101) |
| Breve descrición: | O 23 de outubro acudiu á Facultade Iván Rodríguez, mestre nun centro educativo da cidade de Lugo, co seu alumnado co obxectivo de presentar os proxectos que os nenos/as están a realizar. |
| Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...): | A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva. |

| | |
|---|---|
| Data de inicio da actividade: | 25 de setembro de 2024 |
| Data de finalización da actividade: | 25 de setembro de 2024 |
| Duración da actividade: | 90 minutos |
| Tipo de actividade: | Actividade transversal |
| Responsable: | Marta Poncet Souto e Alba M. Souto Seijo |
| Nome da actividade: | Situación educativa do alumnado xitano |
| Materia/s vinculada/s: | Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101) |
| Breve descrición: | O 24 de novembro tivo lugar a actividade formativa titulada "Situación educativa do alumnado xitano", que foi levada a cabo pola Fundación Secretariado Xitano. Esta actividade realizouse no marco do Proxecto Interdisciplinario. |
| Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...): | A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva. |

| | |
|---|---|
| Data de inicio da actividade: | 13 de novembro de 2024 |
| Data de finalización da actividade: | 13 de novembro de 2024 |
| Duración da actividade: | 3 horas |
| Tipo de actividade: | Actividade con profesionais externos |
| Responsable: | Marta Poncet Souto e Alba M. Souto Seijo |
| Nome da actividade: | Sesións informativas sobre ciberseguridade e acoso escolar |
| Materia/s vinculada/s: | Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101) |
| Breve descrición: | O 13 de novembro tiveron lugar dúas sesión formativas (dunha hora e media cada una) a cargo de Ramón Peña e Héctor Méndez (Gardas Civís da Comandancia de Lugo; responsables do Plan Director). Na primeira sesión abordáronse contidos relacionados coa ciberseguridade no ámbito educativo e, na segunda, abordouse a temática do acoso escolar, a convivencia, etc. |
| Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...): | Os estudantes valoraron a actividade de maneira moi positiva. |

| | |
|---|---|
| Data de inicio da actividade: | 27 de novembro de 2024 |
| Data de finalización da actividade: | 27 de novembro de 2024 |
| Duración da actividade: | 90 min |



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

| | |
|---|---|
| Tipo de actividade: | Actividade con profesionais externos |
| Responsable: | Marta Poncet Souto |
| Nome da actividade: | Que profesora son? Respostas para suscitar a reflexión entre o alumnado de maxisterio en proceso de formación |
| Materia/s vinculada/s: | Socioloxía da Educación (G3131101) |
| Breve descrición: | O 27 de novembro acudiu á Facultade Ana Joge, directora dun instituto da provincia de Lugo, para compatir co alumnado a súa experiencia como docente e directora dun centro. |
| Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...): | A sesión foi acollida con satisfacción por parte do alumnado. |

| | |
|---|---|
| Data de inicio da actividade: | 1 de outubro de 2024 |
| Data de finalización da actividade: | 30 de novembro de 2024 |
| Duración da actividade: | 2 meses |
| Tipo de actividade: | Actividade transversal |
| Responsable: | Biblioteca da Facultade |
| Nome da actividade: | Curso competencias en información, nivel básico |
| Materia/s vinculada/s: | Todas (transversal) |
| Breve descrición: | Curso de orientación para elaboración de traballos académicos. Como novidade, no curso 24/25 realízase en dúas quendas, unha no primeiro semestre (meses outubro-novembro) e outra no segundo (meses febreiro-marzo) |
| Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...): | Resultados da primeira quenda (outubro-novembro): 66 persoas matriculadas, remataron 63 e 47 aprobaron.<br><br>Resultados da segunda quenda (febreiro-marzo): 7 persoas matriculadas, remataron 6, e 5 aprobaron.<br><br>Total: 73 persoas matriculadas, rematan 69, e aproban 52. |

| | |
|---|---|
| Data de inicio da actividade: | 10 de febreiro de 2025 |
| Data de finalización da actividade: | 12 de marzo de 2025 |
| Duración da actividade: | Un mes |
| Tipo de actividade: | Outro tipo de actividade |
| Responsable: | Francisco Xosé Candia Durán |
| Nome da actividade: | Exposición "Educación en feminino: un paseo pola historia" |
| Materia/s vinculada/s: | Teoría e Historia da Educación Escolar |
| Breve descrición: | O alumnado da materia elabora durante o primeiro semestre esta colección de pósters de educadoras importantes da historia, que se expón na Facultade a inicios do segundo semestre, e a posteriori vai a outros centros educativos. |
| Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...): | Participa todo o alumnado da materia de nova matrícula. Forma parte da actividade ordinaria da materia. A valoración é positiva. |

## 2. Cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

O día 5 de maio de 2025 enviouse unha mensaxe a través do campus virtual de coordinación informando ao alumnado da apertura da enquisa de satisfacción, solicitando a súa participación.

O día 14 de maio a coordinadora acudiu unha sesión de aula, empregando uns minutos cedidos polo profesor César Bugallo, para incentivar a participación na enquisa.



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

Un total de 90 alumnas e alumnos responderon á mesma, o que supón unha participación similar ao curso anterior. En vista dos resultados positivos, e de que os ítems peor valorados xa foron comentados co alumnado en clase coa coordinadora, non se enviou feedback.

| ASPECTOS AVALIABLES | GRAO DE SATISFACCIÓN | | | |
|---|---|---|---|---|
| | NADA SATISFEITO | POUCO SATISFEITO | BASTANTE SATISFEITO | MOI SATISFEITO |
| **1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)** | NADA SATISFEITO 0% | POUCO SATISFEITO 9% | BASTANTE SATISFEITO 59% | MOI SATISFEITO 32% |
| **OBSERVACIÓNS** Indican que as sesións onde se controla a asistencia hai máis cantidade de alumnado que nas que non se fai o control, pero que en ambos casos é adecuada. | | | | |
| **2.- Espazos para a docencia** | NADA SATISFEITO 0% | POUCO SATISFEITO 4% | BASTANTE SATISFEITO 68% | MOI SATISFEITO 28% |
| **OBSERVACIÓNS** Poucos comentarios sinalan mobiliario antigo e incómodo, aulas frías, e escaseza de enchufes nas aulas pequenas. | | | | |
| **3.- Recursos técnicos para a docencia** | NADA SATISFEITO 0% | POUCO SATISFEITO 3% | BASTANTE SATISFEITO 72% | MOI SATISFEITO 24% |
| **OBSERVACIÓNS** Sinalan positivamente instalar televisores nas aulas grandes, o que facilitou o visionado das diapositivas. | | | | |
| **4.- Horarios lectivos** | NADA SATISFEITO 4% | POUCO SATISFEITO 22% | BASTANTE SATISFEITO 44% | MOI SATISFEITO 29% |
| **OBSERVACIÓNS** Moitos comentarios que sinalan negativamente a dispersión das sesións ao longo do día, con varias horas sen actividades docentes entre medias. | | | | |
| **5.- Carga de traballo autónomo das materias cursadas** | NADA SATISFEITO 1% | POUCO SATISFEITO 16% | BASTANTE SATISFEITO 58% | MOI SATISFEITO 26% |
| **OBSERVACIÓNS** Sinalan estar maiormente satisfeitos e satisfeitas, salvo na derradeira semana de semestre onde a carga acumulativa é máis difícil de asumir. Un comentario sinala que o profesorado non controla a participación nos traballos grupais, de xeito que unhas persoas aprovéitanse do traballo realizado por outras. | | | | |
| **6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación** | NADA SATISFEITO 0% | POUCO SATISFEITO 12% | BASTANTE SATISFEITO 63% | MOI SATISFEITO 24% |
| **OBSERVACIÓNS** Valoran positivamente elaborar tarefas breves que maiormente se completan na aula, pero indican unha materia onde a entrega estaba aberta soamente durante media hora, o que dificultaba a elaboración da mesma. | | | | |
| **7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a** | NADA SATISFEITO 2% | POUCO SATISFEITO 13% | BASTANTE SATISFEITO 64% | MOI SATISFEITO 20% |
| **OBSERVACIÓNS** Indican unha moi boa coordinación en todas as materias de máis de un/ha docente, agás nunha materia do segundo semestre, onde sinalan unha falta de cumprimento de responsabilidades docentes por parte dun dos profesores. | | | | |
| **8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes** | NADA SATISFEITO 0% | POUCO SATISFEITO 6% | BASTANTE SATISFEITO 74% | MOI SATISFEITO 20% |
| **OBSERVACIÓNS** Amosan maiormente satisfacción, agás con un caso concreto que indican un marcado desinterese a hora de impartir os contidos docentes. | | | | |
| **9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)** | NADA SATISFEITO 1,13% | POUCO SATISFEITO 7,95% | BASTANTE SATISFEITO 77,27% | MOI SATISFEITO 13,63% |
| **OBSERVACIÓNS** Informan de poucos solapamentos, e os existentes valóranos como positivos xa que indican que lles axudou a comprender a conexión entre diferentes disciplinas. | | | | |



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED**

| **OBSERVACIÓNS XERAIS** |
|---|
| Reiteran comentarios positivos, sinalan unha boa organización e xeral, e amosan o seu agradecemento ao profesorado pola súa implicación e amabilidade. |

Síntese dos resultados:

Obsérvase un incremento na satisfacción en todos os ítems en relación ao curso anterior 23/24.

1. A opción "bastante satisfeito" é a que obtén maior porcentaxe de respostas en todas as preguntas.
2. A suma de porcentaxes de resposta "bastante satisfeito" e "moi satisfeito" roldan o 80-90% das respostas en todos os ítems, agás o relativo aos horarios.
3. O ítem peor valorado é o relativo aos horarios, aínda así a suma das opcións nada e pouco satisfeito acada soamente o 25% (estando o 75% bastante ou moi satisfeito cos mesmos).

**3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado**

ALUMNADO:

- Expresan sentirse incómodos nunha materia do segundo semestre, onde as tarefas elaboradas en interactivas teñen que ser entregadas na mesma sesión. Indican que non poden desenvolver a tarefa todo o ben que lles gustaría, que chegan tarde a seguinte clase, e que lles resulta difícil de manexar.
- O delegado do curso, así como a delegada de 1º de DG, quéixanse ante a coordinadora dun profesor do segundo semestre. Sinalan un desinterese evidente por parte do docente, que reduce as clases a 35-45 minutos, que sae a coller chamadas, e que tardou varias semanas en facilitar os materiais de traballo, prexudicando así a realización das actividades de avaliación continua fóra das sesións presenciais. Sinalan tamén prácticas docentes inadecuadas, como a lectura literal e excesivamente rápida de diapositivas sen proporcionar explicacións, falta de supervisión e seguimento do traballo de interactivas (onde indican que pasa o tempo diante do seu ordenador persoal), e incumprimento de varios puntos do programa e guía docente da materia, especialmente do sistema de avaliación nos casos de dispensa de asistencia. Dada a gravidade dos feitos sinalados por parte do alumnado, esta problemática xestiónase a través de decanato.
- O alumnado, a través do delegado, sinala estar desconforme co feito de que algúns docentes soliciten documentos escritos, con datos persoais, sobre a intención de secundar ou non secundar un paro de estudantes. Preguntan se o profesorado pode facer isto, xa que ocorreu en varias materias. Xa se enviou un recordatorio a través de decanato para que non se solicite este tipo de información.



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

PROFESORADO:

Non hai

**4. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado, de habelas (datas, procedemento, asistentes, temática, acordos). Como mínimo, incluír aquí a comunicación ao profesorado dos resultados da enquisa e, de ser pertinente, a retroalimentación ao alumnado por medio de mensaxe no Campus Virtual.**

- Entre o 5 e 7 de setembro proporcionáronse os materiais relativos a xornada de acollida ao alumnado e solicitouse a participación na enquisa de satisfacción da mesma.
- Entre o 16 e 26 de setembro realízase a elección de representantes do alumnado, quedando DAVID XOEL CARNERO LÓPEZ como delegado, e SANDRA BAÑOBRE VÁZQUEZ como subdelegada. Ábrese unha vía de contacto e confírmase a creación dun grupo de *Whatsapp* de curso, que se difunde a través do CV para todo o alumnado do curso que desexe unirse.
- Entre o 2 e 15 de outubro envíanse varias mensaxes informativas sobre o curso básico de competencias en información. O 28 de xaneiro envíase un recordatorio sobre a apertura do segundo prazo de matrícula do curso.
- O 18 de novembro e 21 de abril infórmase sobre a apertura das enquisas de coordinación coa docencia recibida, do primeiro e segundo semestre.
- O 5 de maio infórmase sobre a enquisa anual de coordinación. A coordinadora acude a unha aula o 14 de maio para animar ao alumnado a cubrir a información.
- Ao finalizar o primeiro semestre, envíase un correo electrónico ao profesorado para que poidan comunicar incidencias ou suxestións sobre a marcha do primeiro semestre, coa finalidade de informalos en Xunta de Centro.
- Ao longo do curso informouse ao profesorado da necesidade de cubrir o calendario de actividades docentes e as táboas de actividades transversais, ApS, etc.

**4. Outras observacións ou comentarios.**

**O profesor Manoel Baña comenta o seguinte**:

*Bon día, non sei moi ben o que se me pide, si aprobar o informe, cousa que non ten moito senso ou aportar nas queixas ou observacións do profesorado. En todo caso, preocupame moito a fiscalización cada vez maior do alumnado da laboura do profesorado e insiste en queixarse en opcións que son deberes conforme o estatuto do alumnado da USC. Pola miña parte observo un alumnado cada vez mais queixica (queixanse de todo -o edificio, as pantallas que non se ven, o encerado, as luces, as ventás abertas ou pechadas-, dos compañeiros - sobre todo cando non poden descargar responsabilidades ou que son os culpables de non cumprir co que se lle pide-, das tarefas -son difíciles, non saben o que se lles pide, non lles parecen adecuadas, non teñen o que precisan, non lles escribe o bolígrafo, non funciona a rede...-, do profesorado -cando chegan tarde a clase, cando non poden realizar mais actividades porque están cansos, non lles facilitan instruccións adecuadas, non lles permiten sair, entrar, utilizar recursos..., da facultade - vella, inadecuada, aulas pequenas, poucos recursos-...), dado a propagar bulos (non me creo que este/a profesor/a fixera e realizara todo iso do que se queixan, descontextualizan a información aínda cando a teñen no campus virtual, comparan metodoloxías e*



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

*recursos como bós ou malos, comparan persoaxes, buscan indicadores de bos ou malos profesionais, non se cortan en publicitalo...) e deixarse levar pola súa percepción persoal acomodada (que sexa fácil, divertido, que se explique multitude de veces e de forma individual, que non me supoña ler, escribir, deixalo sempre para última hora...) e en busca de culpables sempre que non son eles/as (empezando polo profesorado que temoslle manía, non llo poñemos fácil, traballar en equipa, redactar, non preguntar, desde logo, non corrixir, facerlle ver en que teñen que millorar... esa avaliación para a millora). Forma parte dunha maioría (eu diría dun 60 %) que acude coa percepción, maioritariamente demanda familiar de obter un título universitario "fácil" que non lle custe moito e que se adapte a súa forma de vida e, si teñen sorte, poder traballar de mestre que é unha gangan e non se fai nada (consta nos seus documentos de presentación e observación así como nas excusas que me poñen por non asistencia, por chegar 30-40 minutos tarde a clase, a algunha proba escrita). Resultado, coido que isto afecta a nosa autoridade docente, no caso do profesorado que recibe a queixa e ten que contestala, o tempo, a desilusión que contempla que o seu traballo sexa percibido dese xeito e sexa "amonestado" e a pouca ou nula repercusión que isto ten no alumnado que pode dicir o que queira sin consecuencias para eles (o que se pode observar perfectamente nas suas redes sociais).*

*A miña preocupación é por todo este torpedeo ao dereito do profesorado no seu desenvolvemento (alguén cre que algún dos compañeiros non se pasa tempo en preparar, desenvolver e realizar a sua laboura de fora ética e responsable?, eu non!, nunca o fixen nin o farei, sinxelamente por a cuestión de conciencia que sinalaba Shakespeare, por deitarse con ela).*

*Non digo que teña e teñamos que millorar moito pero tamén digo que este non é o camiño para ilo!. Podo sentirme autor de levar o meu portátil para clase pero, porque é un instrumento de traballo e non como fan esa amplia maioría que se escudan en abrilo para traballar e pasan unha parte da clase chismorreando (porque o sei? porque lle vexo o seu sonrriso e a súa actividade diante del); igual co móbil, eu non o levo a clase salvo que esté pendente dunha intervención cirúrxica ou dalgunha circunstancia grave ou urxente pero sinalan os nosos responsables que é un recurso educativo para o alumnado; para o profesorado non?. O mesmo podo dicir do horario de clase, temos que estar en punto e cumprir coa hora e 20 minutos, dado que os 10 últimos se dicía que debíamos permitirlle o cambio de clase; cando se lles presenta unha actividade, a maioría xa está contando en rematar para irse e preguntan si poden irse... antes da hora, igual para coller o autobús que se lles vai, irse a súas actividades persoais (foron neste curso mais de 30 solicitudes deste tipo) , xa non falo as xustificacións (deportes, causas particulares varias... coido que mais de 50). Actividades de falson compañerismo, onde realizar e asinar tarefas polos compañeiros/as, un montón... despois son os primeiros que os acusan e sinalan, sobre todo cando se sinten ou ven perxudicados (vésase a última anécdota dunha actividade explicada varias veces na clase e aberta desde semana santa (Bos días, Son ..... e escribo para explicarche a situación coa entrega do informe de Boas Prácticas. Decidimos crear un grupo formado por .... e máis eu, comprometéndonos todos a traballar en equipo. Eu realicei a miña parte con antelación, pero acordamos facer o envío o día da entrega. ... ofreceuse voluntariamente para encargarse de enviar o documento final, como xa che comunicou nunha mensaxe pouco antes do prazo fixo uns pequenos cambios no documento, polo que non lle deu tempo a entregar. Ainda así as dez dixémoslle que entregara nos comentarios un enlace, por se con iso che servía. Sabemos que traballar en equipo implica asumir todas as responsabilidades conxuntas, pero tamén considero inxusto que se me penalice cando estiven pendente de que o traballo fose enviado correctamente. De feito, nos últimos 15 minutos antes do peche do prazo estiven preguntandolle se todo estaba feito, e ... confirmárame que si, polo que me quedei máis tranquila e non pensei que por exemplo podría realizar eu a entrega ou ... Só quería deixar constancia, que sepas a situación, e se non, pola contra aprender dos erros e dos traballos en grupo) Coma esta, un montón e sinalan que síntense incómodas pola entrega en tarefas en hora de clase? insto sucedía antes dos campus e sempre dimos e damos marxe*



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
# INFORME FINAL DE COORDINACIÓN DE CURSO 2024- 2025

## SEGUNDO CURSO DO GRAO EN MESTRE/A EDUCACIÓN PRIMARIA

## COORDINADORA: MARÍA JOSÉ ROMERO CASTRO (ASINA EN SUSTITUCIÓN TEMPORAL MARÍA CAMPOS MAGDALENO)

1. **Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso (recompilar do profesorado: táboas de actividades).**

Ao longo do curso 24/25 rexistrouse unha actividade

| | |
|---|---|
| Data de inicio da actividade: | 8 de abril de 2025 |
| Data de finalización da actividade: | 8 de marzo de 2025 |
| Duración da Actividade: | 09:00-19:00 |
| Tipo de actividade: | Actividade de campo |
| Responsable: | Jorge Gómez Crespo e Dolores Rodríguez Vivero; María José Romero Castro e Virginia Aznar Cuadrado; Jorge Conde Miguélez e Xosé Ramón Veiga Alonso |
| Nome da actividade: | Camiñando xuntxs 2025 |
| Materia/s vinculadas: | Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética (G3151121), Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais I (G3151226), Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I (G3151228) |
| Breve Descrición: | Realízase un tramo do Camiño Francés (Barbadelo–Portomarín) coa intención de amosar a potencialidade da contorna próxima para desenvolver aprendizaxes en contexto de maneira interdisciplinaria. Prepárase e abórdase o percorrido dende unha óptica matemática e interprétanse lugares distinguidos en clave socio-científica. |
| Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia): | Considérase de interese formativo como modelo para promover a importancia de integrar este tipo de actividades, que destacan como motivadoras polo seu carácter lúdico e recreativo, e permiten pór en marcha tanto a actividade física como a actividade mental, xa que as tarefas que se poidan propoñer requiren movemento e traballo fóra da aula, ademais de coñecementos das áreas específicas que se queiran integrar. |



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

## 2. Cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

O día 5 de maio de 2025 envioùse unha mensaxe a través do campus virtual de coordinación do GMEP informando ao alumnado da apertura da enquisa de satisfacción, solicitando a súa participación. Non houbo ocasión de solicitar a ningún docente que cedese uns minutos dunha sesión para fomentar as respostas do alumnado.

Rexistráronse un total de 13 respostas:

| ASPECTOS AVALIABLES | GRAO DE SATISFACCIÓN | | | |
|---|---|---|---|---|
| | NADA SATISFEITO | POUCO SATISFEITO | BASTANTE SATISFEITO | MOI SATISFEITO |
| **1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)** | NADA SATISFEITO 0% | POUCO SATISFEITO 38% | BASTANTE SATISFEITO 54% | MOI SATISFEITO 8% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Indican que hai sesións expositivas onde o alumnado é demasiado, e que non caben ben na aula. | | | | |
| **2.- Espazos para a docencia** | NADA SATISFEITO 8% | POUCO SATISFEITO 8% | BASTANTE SATISFEITO 15% | MOI SATISFEITO 69% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Poucos comentarios sinalan aulas reducidas e que a distribución das mesmas non facilita as interaccións entre profesorado e alumnado. | | | | |
| **3.- Recursos técnicos para a docencia** | NADA SATISFEITO 0% | POUCO SATISFEITO 8% | BASTANTE SATISFEITO 8% | MOI SATISFEITO 85% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Pizarras que en ocasións non funcionan ben. | | | | |
| **4.- Horarios lectivos** | NADA SATISFEITO 0% | POUCO SATISFEITO 54% | BASTANTE SATISFEITO 38% | MOI SATISFEITO 8% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Sinalan negativamente a dispersión de horarios ao longo do día. | | | | |
| **5.- Carga de traballo autónomo das materias cursadas** | NADA SATISFEITO 0% | POUCO SATISFEITO 15% | BASTANTE SATISFEITO 69% | MOI SATISFEITO 15% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Nalgunhas materias hai bastante carga de traballo | | | | |
| **6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación** | NADA SATISFEITO 0% | POUCO SATISFEITO 23% | BASTANTE SATISFEITO 54% | MOI SATISFEITO 23% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Sinalan negativamente que se lles dea pouco tempo para facer as entregas. | | | | |
| **7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a** | NADA SATISFEITO 8% | POUCO SATISFEITO 0% | BASTANTE SATISFEITO 77% | MOI SATISFEITO 10% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Sinalan dificultades puntuais debido a unha baixa médica. | | | | |
| **8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes** | NADA SATISFEITO 0% | POUCO SATISFEITO 0% | BASTANTE SATISFEITO 85% | MOI SATISFEITO 15% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Non hai. | | | | |
| **9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)** | NADA SATISFEITO 0% | POUCO SATISFEITO 0% | BASTANTE SATISFEITO 85% | MOI SATISFEITO 15% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Non hai. | | | | |



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

**OBSERVACIÓNS XERAIS**
Sinalan negativamente que se iniciou o curso sen docente en varias materias.

Síntese dos resultados:

1. A opción "bastante satisfeito" ou "moi satisfeito"é a que obtén maior porcentaxe de respostas en todas as preguntas agás nos horarios lectivos.
2. A suma de porcentaxes de resposta "bastante satisfeito" e "moi satisfeito" roldan o 80-90% das respostas en todos os ítems, agás o relativo aos horarios.

**NO CASO DO DG** soamente se rexistran dúas respostas. Non se recollen no presente documento por ser información non representativa, pero os comentarios van na mesma liña que os recollidos no caso do GMEP. Simplemente engaden que no DG séntense agraviados comparativamente coas outras titulacións con respecto aos horarios.

**3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado**

Non hai.

**4. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado, de habelas (datas, procedemento, asistentes, temática, acordos). Como mínimo, incluír aquí a comunicación ao profesorado dos resultados da enquisa e, de ser pertinente, a retroalimentación ao alumnado por medio de mensaxe no Campus Virtual.**

- A principio de curso procédese a elección de delegado/a e subdelegado/a, quedando nomeadas JENIFER SOTO ROMARÍS e ANDREA SAAVEDRA FERNÁNDEZ respectivamente no caso do GMEP, e SARA MARTÍNEZ BRETAL no DG.
- Durante o mes de setembro enviáronse varios avisos a través do Campus Virtual do GMEP para xestionar a situación de dúas materias cuxa docencia tardou en asignarse por parte do correspondente departamento.
- A finais de cada semestre invitouse ao alumnado de ambas titulacións a cubrir as enquisas de satisfacción coa docencia recibida.
- Ao longo do curso enviáronse mensaxes informativas a ambas titulacións respecto á mobilidade (Erasums, SICUE) sobre a charla pre-Prácticum I e sobre a sesión informativa das mencións.
- A finais de curso informouse sobre a enquisa anual coordinación, así como da de satisfacción coa titulación, tanto para GMEP como DG.
- Ao longo do curso informouse ao profesorado da necesidade de cubrir o calendario de actividades docentes e as táboas de actividades transversais, ApS, etc.



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

**3. Outras observacións ou comentarios.**

Non hai.

En Lugo, a 18 de xuño de 2025



Asina María Campos Magdaleno en substitución da coordinadora María José Romero Castro.



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED**

**INFORME DE COORDINACIÓN DE 3º CURSO DE GRAO EN MESTRE/A DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Curso 2024-2025

**Coordinadora: Virginia Aznar Cuadrado**

## 1. ACTIVIDADES TRANSVERSAIS, PRÁCTICAS DE CAMPO E ACTIVIDADES CON PROFESIONAIS EXTERNOS DESENVOLVIDAS DURANTE O CURSO

**Data de inicio da actividade:** 30 de setembro de 2024
**Data de finalización da actividade:** 2 de outubro de 2024
**Duración da Actividade:** 1 sesión (90 min.) cada grupo
**Tipo de actividade:** Actividade de campo
**Responsable/s:** Virginia Aznar Cuadrado
**Nome da actividade:** Saída ao parque Rosalía de Castro (Lugo)
**Materia/s vinculadas e código/s:** (G3151322) Ensino e aprendizaxe das Ciencias Experimentais II
**Breve Descrición:**
Saída para observación de especies vexetais, recollida de mostras e determinación das mesmas, que serán procesadas posteriormente para elaborar material didáctico para a aula. Tamén se solicita ao alumnado que faga unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para deseñar tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe.
**Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia):**
Esta saída serve para observar a contorna inmediata, recoller mostras e determinalas e elaborar material didáctico para a aula. O alumnado tamén fai unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para deseñar tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe.
Esta actividade ten vinculación con outras tarefas da materia polo que a participación foi moi elevada. Non se realizaron enquisas de satisfacción, pero tanto na valoración oral da materia, na derradeira sesión de clase, como nas reflexións do portafolio da materia, o alumnado fai fincapé da necesidade deste tipo de actividades prácticas para repensar a súa actividade como futuros docentes. Ademáis, as actividades ao aire libre sempre favorecen o interese e a motivación do alumnado por participar nelas.

**Data de inicio da actividade:** 23 de setembro de 2024
**Data de finalización da actividade:** 23 de setembro de 2024
**Duración da Actividade:** Todo a xornada (9:00-18:30 h.)
**Tipo de actividade:** Actividade de campo e Actividade con profesionais externos

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

**Responsable/s:** Tania Riveiro Rodríguez e Virginia Aznar Cuadrado
**Nome da actividade:** Visita a ARMH (Campus Ponferrada. Universidade de León) e a Las Médulas
**Materia/s vinculadas e código/s:** G3151321 Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais II e G3151322 Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais II
**Breve Descrición:**
Trátase dunha actividade interdisciplinaria, centrada en traballar distintos aspectos didácticos da paisaxe. Atenderase á dimensión subxectiva, caso da relación paisaxe-memoria-procesos educativos de apropiación patrimonial, e tamén á dimensión obxectiva, traballando a integración de distintos elementos da paisaxe para dende á cognición pasar á emoción e, polo tanto á subxectividade. Con este obxectivo, traballarase ás singulares paisaxes das foxas herdadas da barbarie institucionalizada co golpe de 1936 e a Guerra Civil, o que permitirá ao alumnado pasar do coñecemento e valoración do espazo ao das prácticas no laboratorio, nos que se traballa, dende diferentes disciplinas no tratamento dos corpos de persoas "desaparecidas". Nesta práctica o racional e o emocional configuran un todo configurando un potente e necesario instrumento didáctico. Debido ás posibilidades do entorno onde se desenvolve esta primeira práctica, nunha segunda sesión abórdase unha práctica centrada na evolución da paisaxe, mediante un itinerario percorrido a pe, tendo en conta a dimensión natural e a socio-histórica, debendo detectar en contacto co medio os elementos que indican os cambios na paisaxe a distintas escalas temporais, analizados dende as ciencias naturais, a xeografía física e a historia. Con estas actividades, enfocadas ao ensino-aprendizaxe no medio para a formación docente, búscase unha nova sensibilización, a través da cognición e a emoción, e un claro entendemento mediante a praxe, da educación interdisciplinaria.
**Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia):**
Á saída acudiu case a práctica totalidade do alumnado matriculado, mostra do interese por participar en experiencias didácticas que rompan as rutinas cotiás da aula. Levouse a cabo segundo o programado.
A valoración posterior feita polo alumnado foi moi positiva. Oralmente, na aula, sinalaron aqueles aspectos que lles chamaron máis a atención e reflexionaron en torno ás dúas partes da visita. En relación á ARMH, puxeron o foco no valor de acceder a contidos "pouco visibilizados nas aulas", vencellados á memoria e o pasado, pero fortemente unidos ao presente. Nesa liña, moitos estudantes expresaron o seu desexo de, no momento de exercer coma docentes, levar ese tipo de contidos á aula, como unha forma de achegar, desde a emoción, temáticas socialmente relevantes a alumnado de primaria. En relación á visita ás Médulas, fixeron fincapé no escepcional do espazo, descoñecido para moitas delas, e a interese de traballar in situ aspectos relacionados coa natureza e a evolución dun espazo ao longo dos séculos.
Á finalización da materia o alumnado deberá entregar unha relfexión crítica sobre a mesma onde explique, máis de vagar, que aspectos do visto lles pareceron interesantes, que valor didáctico teñen a futuro, así coma na súa formación coma mestres e mestras.

**Data de inicio da actividade:** 2 de abril de 2025
**Data de finalización da actividade:** 2 de abril de 2025
**Duración da Actividade:** 2 horas

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

**Tipo de actividade:** Outras actividades (especificar no campo "breve descrición")
**Responsable/s:** Alba Díaz Geada
**Nome da actividade:** Faíscas Culturais - A Escola na Domus
**Materia/s vinculadas e código/s:** Historia, Patrimonio e Educación en Galicia G3151451
**Breve Descrición:**
Participación no programa Faíscas Culturais, organizado pola Vicerreitoría de Estudantes e Cultura da Universidade de Santiago de Compostela. A participación no programa incluiu para o estudantado a realización dunha visita, guiada polo arqueólogo Celso Rodríguez Cao, á Domus do Mitreo. A visita tivo lugar o 2 de abril de 2025 de 17.00h a 19.00h. Previamente á visita, traballouse co estudantado da materia a contextualización da Domus no Lugo da romanización, así como o achegamento aos recursos didácticos da Domus do Mitreo para docentes e estudantado de Educación Primaria.
**Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia):**
A actividade foi valorada moi positivamente polo estudantado, tanto pola calidade da aprendizaxe realizada durante a visita co arqueólogo Celso Rodríguez Cao, que destacou polo seu compromiso na investigación e difusión do coñecemento histórico, como polas posibilidades educativas que ofrece a Domus do Mitreo.

**Data de inicio da actividade:** 29 de abril de 2025
**Data de finalización da actividade:** 29 de abril de 2025
**Duración da Actividade:** 1.5 horas
**Tipo de actividade:** Actividade con profesionais externos
**Responsable/s:** JoDee Anderson McGuire
**Nome da actividade:** Songs & Games for Primary ELT
**Materia/s vinculadas e código/s:** Inglés: Comprension e expresión oral
**Breve Descrición:**
Anna Merkel, mestra de primaria, impartiu unha charla incorporando varios xogos e diferentes cancións que se empregan no ensino de inglés en primaria. Ofreceu o seu opinion sobre algúns aspectos teóricos traballados previamente e contestou varias dúbidas do alumnado asistente nesta sesión práctica e interactiva.
**Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia):**
Gustou moito, aínda que, tamén lles gustaría ter desenvolvida esta actividade en máis dun día xa que viron moito material nesta única sesión.

## 2. RESULTADOS DOS CUESTIONARIOS DE COORDINACIÓN DO CURSO CUBERTOS POLO ALUMNADO

Informe de resultados da enquisa de satisfacción.

**Número de respostas: 4**

Na mayoría dos ítems a resposta que predomina é “bastante satisfeito” ou “moi satisfeito” (100%). Estes ítems mellor valorados son:

- Espazos para a docencia

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

- Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre e a súa compatibilidade co Practicum I
- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a,
- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes,
- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a

A continuación, destácanse os ítems con menor valoración e as observacións feitas:

1. O número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titorías.

- 25% pouco satisfeito: "Os grupos tanto expositivos como interactivos son extensos en número, sobre todo das optativas"
- 25% nada satisfeito: "En algunas clases expositivas hay demasiados alumnos haciendo a veces las clases difíciles de llevar"

5. Recursos técnicos para a docencia.

- 25% pouco satisfeito: "Houbo algunha vez que tivemos que cambiar de aula xa que non funcionaba o proxector o que facía que perdesemos polo menos 20 minutos ou máis de clase"

7. Horarios lectivos.

- 50% pouco satisfeito: "moi descompensados, alguns días hai moitas horas de clase polas tardes e outros ningunha. Ademais hai materias optativas nas que os horarios non permiten seleccionalas por solaparse con materias das mencións" e "Uns días con clase durante todo o día (3 horas mañá / 4 horas e media tarde) e outros con tan só unha/dúas sesións (1 hora e media / 3 horas). A maiores existen intervalos de tempo longos entre sesións"

11. Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación.

- 50% pouco satisfeito: "Hai materias que case pedían a traballo por semana e a iso hai que sumarlle os traballos das demais materias, as presentacións orais... polo que as veces resultaba un pouco agobiante ter tanta carga de traballo en tan pouco espazo de tempo" e "Se piden un gran número de trabajos, en muchas ocasiones coincidiendo todos a la vez, lo que hace que esa temporada sea de excesiva cargo de trabajo. En relación con los plazos, nada que decir, pues los profesores nos han ayudado en ese sentido".

**Síntese dos resultados do cuestionario:**

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

Debido á escasa participación do alumnado nesta enquisa de satisfacción, non se poden extrapolar as valoracións e observacións destes catro estudantes.

**Observacións do profesorado sobre os datos recompilados:**

Non hai achegas.

## 3.SUXESTIÓNS, DEMANDAS OU QUEIXAS DE PROFESORADO E ALUMNADO

No primeiro semestre do curso 24-25, non houbo suxestións, demandas ou queixas por parte do alumnado, e tampouco por parte do profesorado. Algúns docentes só sinalan comentarios feitos polo alumnado en relación á mellora dos horarios lectivos e ao Prácticum:

- Pouco tempo de estadía no Prácticum I.
- Necesidade de que os contidos impartidos nas materias cursadas previamente sexan máis prácticos para facilitar a súa transferencia á realidade dos centros educativos.
- Contar con bolsas de transporte para o alumnado que non realiza as prácticas en centros de Lugo cidade.

No segundo semestre do curso 24-25, tampouco houbo achegas por parte do profesorado e do alumnado, indicando que o semestre transcorreu sen incidencias e con bo clima de aula.

## 4.RESUMO DAS REUNIÓNS OU COMUNICACIÓNS MANTIDAS CON ALUMNADO E PROFESORADO

### 4.1. REUNIÓNS E COMUNICACIÓNS COS DELEGADOS E ALUMNADO DO CURSO

Tras un primeiro contacto co alumnado de 3º Primaria, envioues unha mensaxe a través da Aula Virtual de Coordinación (**19 de setembro de 2024**) solicitando a elección de un ou dous representantes de curso para asistir ás reunións de coordinación programadas para este curso 2024-2025. Para resolver as dúbidas que puidera haber relacionadas coas funcións dos delegados/as de curso, publicouse nesta Aula Virtual de coordinación un documento no que se explicaban estas funcións. O alumnado elixido como representante do curso foi:

**Delegada:** Débora Vázquez Louzao (debora.vazquez@rai.usc.es)

**Subdelegada:** Lucía Tosar Quintero (lucia.tosar@rai.usc.es)

O día **25 de setembro de 2024** publicáronse na Aula Virtual de Coordinación os datos destas representantes. Nesa mesma semana informouse ás representantes o significado de ser delegada e subdelegada de curso e a función de representar aos compañeiros e compañeiras en todos os actos e reunións que se lles solicite. Comunicóuselles a

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED**

intención de facer dúas reunións ordinarias no curso, unha ao finalizar o primeiro semestre e a outra ao final do segundo, e da posibilidade de reunirnos todas as veces que o alumnado o solicite. Tamén se lles informou de que a comunicación de coordinación con todo o alumnado de 3º Primaria sería a través da Aula de Coordinación do Campus Virtual establecida para tal fin, e que podían participar nela propoñendo a publicación de información relevante para o alumnado de 3º Primaria.

Tamén a través do foro da Aula Virtual de Coordinación, e con data de **4 de outubro de 2024,** informouse ao alumnado de diferentes convocatorias de mobilidade para o curso 2025- 2026.

Con data **20 de novembro de 2024** comunicouse ao alumnado, a través do foro da Aula Virtual de Coordinación, a dispoñibilidade das Enquisas de opinión sobre a docencia recibida no primeiro semestre e se anima a cubrilas aínda que estean no período de prácticas escolares.

Con data **5 de decembro de 2024**, realizouse unha consulta á delegada e subdelegada de curso, a través do correo institucional, sobre a marcha do curso. Tamén contactouse con todo o alumnado a través do foro da Aula Virtual de Coordinación (**9 de decembro de 2024**) para que enviaran as súas aportacións (suxestións, demandas ou queixas) ás súas representantes para facer o informe correspondente. Non fixeron aportacións.

Con data **9 de decembro de 2024**, comunicouse ao alumnado, a través do foro da Aula Virtual de Coordinación, a convocatoria ERASMUS 25-26, e o **12 de decembro de 2024** a listaxe definitiva de destinos ERASMUS para o alumnado da FFP.

Con data **14 de febreiro de 2025**, comunicouse ao alumnado, a través do foro da Aula Virtual de Coordinación, a convocatoria de mobilidade SICUE para o curso 25-26.

Con data **21 de abril de 2025** comunicouse ao alumnado, a través do foro da Aula Virtual de Coordinación, a dispoñibilidade das Enquisas de satisfacción coa docencia recibida no segundo semestre, da Área de Calidade da USC, e se anima a cubrilas.

Con data **23 de abril de 2025**, informouse ao alumnado, a través do foro da Aula Virtual de Coordinación, da celebración das **"**Xornadas de Orientación Profesional no Campus de Lugo", organizadas pola Área de Orientación Laboral e Emprego da USC, da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura.

Con data **2 de maio de 2025**, informouse ao alumnado, a través do foro da Aula Virtual de Coordinación, da celebración da " Feira Virtual de Emprego da USC", organizada pola Área de Orientación Laboral e Emprego da USC, da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura.

Con data **5 de maio de 2025**, comunicouse ao alumnado, a través do foro da Aula Virtual de Coordinación, a dispoñibilidade das Enquisas de coordinación do curso, ás que se fai referencia no punto 2 deste informe.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED**

Tamén o **5 de maio de 2025**, realizouse unha consulta á delegada e subdelegada de curso, a través do correo institucional, sobre a marcha do curso para que enviaran as aportacións (suxestións, demandas ou queixas) dos seus compañeiros e compañeiras. Non sinalaron ninguna achega, polo que as representantes determinan que o alumnado está satisfeito, xa que o curso trancurreu sen incidencias.

### 4.2. COMUNICACIÓNS CO PROFESORADO

Con data **19 de setembro de 2024** enviouse unha mensaxe ao profesorado a través do foro da Aula Virtual de Coordinación dando a benvida a un novo curso e lembrando a necesidade de cubrir na Aula Virtual de Coordinación o "calendario de carga de traballos" e a "táboa de actividades transversais, de campo, etc."

Con data **5 de decembro de 2024** enviouse, a través do correo institucional, unha consulta ao profesorado que imparte docencia neste primeiro semestre, sobre a marcha do curso neste principio de curso. Os comentarios feitos están indicados no punto 3 deste informe.

Con data **15 de maio de 2025** realizouse unha reunión de coordinación virtual, a través do correo institucional, na que se lembraba ao profesorado cubrir o calendario de tarefas e a base de datos das actividades de ApS, saídas de campo, con profesionais externos, etc. dispoñibles na Aula Virtual de Coordinación, e na que se solicitaba unha valoración do transcurso do curso 24-25. Todo o profesorado participante amosou una gran satisfacción co alumnado de 3º Primaria.

Con data **4 de xuño de 2025** realizouse outra reunión de coordinación virtual, a través do correo institucional, para informar e comentar os resultados da enquisa de coordinación de 3º curso do Grao en Mestre/a de Educación Primaria. Amósase no Anexo a acta desta xuntanza.

Lugo, 9 de xuño de 2025

Asdo: Virginia Azanr Cuadrado

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED**

**ANEXO**

# Acta da reunión de coordinación de 3º curso do Grao en Mestre/a de Educación Primaria

Sesión do 4 de xuño de 2025

**Lugar:** Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase a distancia de acordo co artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o "Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC" publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020. A aportación de achegas será contestando vía correo electrónico, coa opción "responder a todos", no prazo que vai dende o envío desta convocatoria ata o día 4 xuño ás 14:00 h.

**Data:** 4 de xuño de 2025

**Hora:** 14:00 h.

**Asistentes:**

Romina Mouriz Corbelle, Joaquín Lago Ballesteros, Marcos Mecías Calvo, Miguel Ángel Martínez Quintanar, Cristina Lois Prados, JoDee Anderson, Iván Enríquez Martínez, Carme Ares Vázquez, M. Carmen Gómez Gómez, Tania Riveiro Rodríguez, Jesica Núñez García, Vicente Blanco Mosquera, Alba Díaz Geada, Uxía Garrido Filgueira, David García Romero, Teresa Susana Vázquez Regueiro, Enelina Gerpe Pérez.

**ORDE DO DÍA:**

1. Resultados da enquisa de coordinación de 3º curso do Grao en Mestre/a de Educación Primaria (xúntase o informe cos resultados das enquisas).
2. Rolda aberta de intervencións.
3. Aprobación da acta

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

**1. Resultados da enquisa de coordinación de 3º curso do Grao en Mestre/a de Educación Primaria.**

Xúntase o informe cos resultados das enquisas de coordinación de 3º curso de Primaria detallados no punto 2 deste informe.

A profesora JoDee Anderson, en relación ao primeiro punto da enquisa (número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titorías), suxire "modificar o número de prazas ofertadas. Se os grupos teóricos son demasiado grandes, é obvio que non favorece a ninguén, nin o profesorado nin o alumnado".

**2. Rolda aberta de intervencións.**

Non hai intervención.

**3. Aprobación da acta da reunión.**

Apróbase.

Lugo, 4 de Xuño de 2025

Asdo: Virginia Aznar Cuadrado

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED**

FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

**INFORME DE COORDINACIÓN DO CURSO 2024-2025**

Terceiro curso de Educación Infantil e terceiro curso de Dobre Grao
Coordinadora: Montserrat Souto Gómez

## 1. ACTIVIDADES TRANSVERSAIS, PRÁCTICAS DE CAMPO E ACTIVIDADES CON PROFESIONAIS EXTERNOS DESENVOLVIDAS DURANTE O CURSO

Durante este curso non se rexistraron actividades.

## 2. RESULTADOS DOS CUESTIONARIOS DE COORDINACIÓN DO CURSO CUBERTOS POLO ALUMNADO

### 2.1. Táboa-resumo de 3º curso de Educación Infantil

| **Número de respostas:** 6 **Data de recollida:** de 6 de maio a 12 de xuño de 2025<br>**Curso e grao:** Terceiro Curso de Educación Infantil | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ASPECTOS AVALIABLES** | **GRAO DE SATISFACCIÓN (porcentaxes)** | | | |
| | **NADA** | **POUCO** | **BASTANTE** | **MOITO** |
| **1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais** | 0% | 0% | **83%** | **17%** |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Non hai respostas. | | | | |
| **2.- Espazos para a docencia** | 0% | 33% | **67%** | 0% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Unha resposta: "os espazos non son aptos para formar a futuros docentes; estes deberían estar distribuídos doutra forma". | | | | |
| **3.- Recursos técnicos para a docencia** | 0% | 17% | **83%** | 0% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Non hai respostas. | | | | |
| **4.- Horarios lectivos** | **67%** | **33%** | 0% | 0% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Cinco respostas:<br>1. Horario moi disperso e con pouca conciliación.<br>2. Considero que os horarios están moi mal organizados polo que evitan poder ter unha rutina diaria ao non ter as clases seguidas habendo así as clases moi separadas unhas de outras nunha mesma xornada. | | | | |



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 3. Estes deberian de adaptarse para que fosen o mais continuos posible.<br>4. Malos horarios, non dan opción a compatibilizar con traballo.<br>5. Os horarios están moi mal organizados, non teñen xeito ningún e imposible conciliar e non son nada buenos para a xente de fora e a xente que traballa. As clases son pola mañan ou pola tarde porque si non e imposible (sic). | | | | |
| **5.- Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre e a súa compatibilidade co Prácticum I** | 0% | 17% | **67%** | 17% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Non hai respostas. | | | | |
| **6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación** | 0% | 33% | **67%** | 0% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Unha resposta: "Especialmente na asignatura de Educación Emocional, Titoría, entre outras, moi mala xestion de horarios de exames, fechas, traballos, etc.". | | | | |
| **7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a** | 0% | 0% | **100%** | 0% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Non hai respostas. | | | | |
| **8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes** | 0% | 33% | **67%** | 0% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Non hai respostas. | | | | |
| **9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a** | 0% | **50%** | **50%** | 0% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Unha resposta: "son moitos os contidos que se solapan entre as diversas materias". | | | | |
| **OBSERVACIÓNS XERAIS**<br>Dúas respostas:<br>1. Mala organización entre as diferentes materias optativas, especialmente en dificultade e horarios. Deberíase poder ter reunións antes das eleccións das materias optativas xa que moitas destas non son o que parecen, traballan temáticas diferentes ás que se poden pensar nun primer momento, hai optativas moi complicadas de aprender adecuadamente e obter unha boa nota, mentres que noutras é moito máis útil e sinxelo, ademáis de non saber si se solapan entre elas ou non. De modo que considero que se debería saber o calendario lectivo e poder ter unha reunión con os/as docentes de cada | | | | |



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

materia optativa para poder ter unha primeira impresión de si esa asignatura vai ser similar ao que parece nunha primeira impresión ou non.
2. É preciso unha reestructuración das materias, dos contidos, horarios,espazos…

### 2.2. Síntese dos resultados do cuestionario

PARTICIPACIÓN

En comparación co curso pasado (no que contestaron 42 persoas), a participación descendeu notablemente (6 persoas). A xustificación é a seguinte: o curso pasado o alumnado tivo uns minutos da clase de *Literatura Infantil e Dramatización* para cubrir a enquisa. Está demostrado que esta motivación dentro da aula é moito máis efectiva que o envío de e-mails recordatorios. Pero este ano a enquisa púxose en marcha o 6 de maio (o ano pasado foi o 18 de abril) e, a maiores, o apagamento provocou retrasos na impartición de contidos. En consecuencia, non foi posible ofrecer uns minutos ao alumnado para cubrir as enquisas de coordinación en ningunha das dúas materias obrigatorias do segundo semestre.

RESULTADOS

Como se pode observar polas porcentaxes en vermello, os horarios lectivos e o solapamento de contidos entre materias seguen sendo as principais problemáticas destacadas polo alumnado. En todos os demais aspectos, os resultados, aínda que pouco representativos, mostran unha evidente satisfacción.

### 2.3. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados

O profesorado de 3º de Educación Infantil, reunido o 18 de xuño de 2025, ás 12:00 hs., reflexionou sobre os tres aspectos máis destacables da enquisa:

- O problema dos **horarios**, que se manifesta ano tras anos, non está nas nosas mans resolvelo e, moi probablemente, non teña solución mentres non teñamos un edificio en condicións.
- Sobre o **solapamento de contidos** sería interesante reflexionar e articular mecanismos que eviten o mesmo. Estaría ben que puidésemos coordinarnos a principios de curso para evitar os devanditos solapamentos, aínda que non sempre vai ser doado porque en moitas materias o profesorado cambia dun ano para outro.
- Ante a proposta de que haxa unha reunión entre o alumnado e o profesorado de **materias optativas** (observacións xerais), o profesorado considera que esta reunión non é necesaria porque o horario de cada materia xa aparece na web desde finais do curso anterior e as características de cada materia (contidos, avaliación, etc.) aparecen reflectidas no programa de cada optativa.



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

## 2.4. Táboa-resumo de 3º curso do Dobre Grao

**Número de respostas:** 2 **Data de recollida:** de 6 de maio a 12 de xuño de 2025

**Curso e grao:** Terceiro curso do Dobre Grao

| ASPECTOS AVALIABLES | GRAO DE SATISFACCIÓN (porcentaxes) | | | |
|---|---|---|---|---|
| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
| **1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais** | 0% | 0% | **100%** | 0% |
| **OBSERVACIÓNS** Unha resposta: "Nalgunhas aulas había falta de espazo, mentres que outras eran demasiado grandes, como as da mención de Dirección". | | | | |
| **2.- Espazos para a docencia** | 0% | **50%** | **50%** | 0% |
| **OBSERVACIÓNS** Unha resposta: "Espazo pequeno e puprites fixos sen posibilidade de movemento". | | | | |
| **3.- Recursos técnicos para a docencia** | 0% | 0% | **100%** | 0% |
| **OBSERVACIÓNS** Non hai comentarios. | | | | |
| **4.- Horarios lectivos** | **0%** | **50%** | **50%** | 0% |
| **OBSERVACIÓNS** Unha resposta: "A xente do dobre grao tiñamos horarios dispersos, pouco origanizados e con horas libres ou directamente catro clases seguidas. Coincidindo en ocasións con só unha hora de comida xusta na facultade". | | | | |
| **5.- Carga de traballo autónomo das materias cursadas** | 0% | 0% | **100%** | 0% |
| **OBSERVACIÓNS** Non hai respostas. | | | | |
| **6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación** | 0% | **50%** | **50%** | **0%** |
| **OBSERVACIÓNS** Unha resposta: "Algunhas materias cargaban de traballo de forma semanal, sen deixar tempo nas súas aulas para avanzar nada". | | | | |
| **7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a** | 0% | **50%** | **50%** | 0% |
| **OBSERVACIÓNS** Unha resposta: "Hai materias que se solapan entre infantil e primaria en contidos, dando os mesmos conceptos pero de formas distintas, sendo confuso para o alumnado". | | | | |



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes** | 0% | **50%** | **50%** | 0% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Unha resposta: "Moitos docentes non dan as notas dos traballos ao longo do semestre, estando a cegas durante todo o semestre ata saber a nota final. E as notas as veces non estaban xustificadas nin explicadas. Ademais non soen dar ningún tipo de dirección acerca do exame". | | | | |
| **9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a** | 0% | **50%** | **50%** | 0% |
| **OBSERVACIÓNS**<br>Unha resposta: "O mesmo caso xa explicado anteriormente na pregunta 7, como nas músicas". | | | | |
| **OBSERVACIÓNS XERAIS**<br>Non hai respostas. | | | | |

## 2.5. Síntese dos resultados do cuestionario

PARTICIPACIÓN

En comparación co curso pasado (no que contestaron 11 persoas), a participación descendeu notablemente (2 persoas), ata o punto de resultar moi pouco útil a análise de resultados.

Esta baixa notable da participación débese a que este ano a enquisa se puxo en marcha o 6 de maio (o ano pasado foi o 18 de abril) e a esas alturas de curso estaba todo o mundo moi apurado (especialmente porque en varias materias o apagamento provocou a perda dunha semana de clases). Ao ver que a profesora que sempre me axuda a pasar a enquisa na aula non podía facelo este ano, decidín non molestar a ningún outro colega. O resultado en canto a participación foi, en todo caso, moito peor do esperado.

RESULTADOS

Como só respondeu o 10% do alumnado, os resultados son moi pouco significativos. En calquera caso, as observacións engadidas si poden axudarnos a reflexionar sobre os horarios, o solapamento de contidos entre Infantil e Primaria, e o retraso na entrega das correccións dos traballos.

## 2.6. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados

Os resultados dos cuestionarios de coordinación do alumnado de 3º de Dobre Grao foron enviados ao profesorado o 12 de xuño de 2025, ao tempo que se indicaba ao



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/23B6-2528-4D1A-93ED
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: 23B6-2528-4D1A-93ED

profesorado a posibilidade de reflexionar sobre eles nas respectivas reunións de 3º de Educación Infantil e 3º de Educación Primaria.

Na reunión de 3º de Educación Infantil tamén se falou de 3º de Dobre Grao e destacouse a dificultade de evitar solapamentos entre materias de Educación Infantil e materias de Educación Primaria. A solución viría, máis ben, por modificar o plan de estudos do alumnado de Dobre Grao.

## 3. INCIDENCIAS, SUXESTIÓNS, DEMANDAS OU QUEIXAS DO ALUMNADO E DO PROFESORADO

### 3.1. Alumnado

As persoas delegadas de 3º de Infantil e 3º de Dobre Grao non comunicaron á coordinadora ningún tipo de incidencia ao longo de todo o curso.

### 3.2. Profesorado

A parte da reflexión derivada das enquisas, non houbo suxestións específicas por parte do profesorado.

## 4. RESUMO DAS COMUNICACIÓNS MANTIDAS CON ALUMNADO E PROFESORADO

### 4.1. Comunicación co alumnado

**Entre o 16 e o 20 de setembro de 2024,** resolveuse o proceso de elección dos representantes de curso, tanto en 3º de Educación Infantil como en 3º de Dobre Grao. As persoas elixidas foron:

- 3º Curso de Educación Infantil
  - Delegada: **Paula González Lanzós**
  - Subdelegado: **Ismael Martínez López**
- 3º Curso do Dobre Grao
  - Delegada: **Nuria Méndez Feijoo**
  - Subdelegada: **Sabela Pérez Taboada**

